

Expediente núm.	Órgano Colexiado
PLN/2024/11	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria:

Ordinaria

Data:

29 de agosto de 2024

Duración:

Desde las 20:33 hasta las 23:11

Lugar:

Salón de Plenos

Presididapor:

María Dolores Castiñeira Alén

Secretario:

Berta Alonso Soto

ASISTENCIA Á SESIÓN		
Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
***1448**	Alejandro Rodríguez Canosa	SÍ
***7680**	Ana Cristina Pérez Cabaleiro	SÍ
***6142**	Iván Lorenzo Rodríguez	SÍ
***0765**	Joaquín Núñez Troncoso	SÍ
***9888**	Jorge Gregorio Vaqueiro	SÍ
***7807**	José Luis Fernández Pérez	SÍ
***0936**	Marcos Troncoso Estévez	SÍ
***1083**	María Dolores Castiñeira Alén	SÍ
***0678**	Salustiano Guerra García	SÍ
***1448**	Santiago Rodríguez Davila	SÍ
***7194**	Saúl Olmo Vaqueiro	SÍ
***7850**	Selene González Luis	SÍ
***0126**	Vanessa Rocha Núñez	SÍ



Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, a presidenta abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior

a) Acta da sesión número 2024/6, ordinaria do 25 de abril.

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adiante), a Presidenta pregunta se algún membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 2024/6 ordinaria do 25 de abril enviada a todos os membros da Corporación de acordo co art. 113.1.b) ROF.

Sr. Guerra García: Na Páxina 4 na miña intervención di “que dende o noso grupo asumimos o erro de abrir sempre” é e “asumimos o erro de abril sempre fascismo nunca máis”

VOTACIÓN: Non existindo máis observacións á acta, pola Sra. Alcaldesa sométese a votación a aprobación da acta da sesión nº 2024/6, ordinaria do 25 de abril; sendo aprobada por **UNANIMIDADE DE DOCE VOTOS** .

b) Acta da sesión número 2024/7, extraordinaria do 13 de maio.

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adiante), a Presidenta pregunta se algún membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 2024/7 extraordinaria do 13 de maio enviada a todos os membros da Corporación de acordo co art. 113.1.b) ROF.

VOTACIÓN: Non existindo máis observacións á acta, pola Sra. Alcaldesa sométese a votación a aprobación da acta da sesión nº 2024/7, extraordinaria do 13 de maio; sendo aprobada por **UNANIMIDADE DE DOCE VOTOS** .

Toma de posesión como concelleiro de Iván Lorenzo Rodríguez.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 12, En contra: 0, Abstencións: 1, Ausentes: 0

Conforme ao artigo 108.8 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, referido á toma de posesión dos/as concelleiros/as electos, procédese a toma de do



xuramento ou promesa a o Sr. Gregorio Vaqueiro, utilizando a fórmula prevista no Real Decreto 707/1979, do 5 de abril, regulador da fórmula par a toma de posesión de cargos e función públicas.

O Sr. Iván Lorenzo Rodríguez: Xura o cargo de Concelleiro e toma posesión do mesmo.

Sra. Alcaldesa: Un momento importante, Iván, benvido a esta sesión plenaria, benvido á Corporación, unha responsabilidade pero ao mesmo tempo un orgullo tamén formar parte da representación veciñal de Salceda e agardamos que teñas moitos acertos, poucos erros aínda que errar é de persoas, benvido a esta Corporación.

Sr. Rodríguez Davila: Benvido Iván, quero comezar dándolle as grazas a Iván por ter dito que si, porque como eu sempre dixen, primeiro hai que estar para logo ser, por iso hoxe estás aquí. Tamén quero agradecerlle a túa familia, a Katia, Daniela e Mario, porque van a sufrir as consecuencias do tempo que lles vas a roubar aos que lles pido paciencia. Tamén quero darlle as grazas ao comité local, aos membros da lista electoral, sempre pola unanimidade, pola lealdade e polo compañeirismo e polo bo facer de todos. Nestes días estase celebrando a volta ciclista a España e temos a sorte de ter varias etapas na nosa Comunidade Autónoma e facer un símil ciclista, co que hoxe significa a toma de posesión dun novo compañeiro no Grupo maioritario desta Corporación que é Iván. Na volta ciclista hai equipos e hai un staff, Iván, e ti si estás neste equipo formado por cinco compañeiros que tratamos de facer o mellor posible para representar aos salcedenses que nos deron o seu apoio e tamén aqueles que non nolo deron para conseguir ese apoio, estás no mellor equipo porque ten o mellor programa de traballo e polo tanto de goberno. Nun equipo ciclista hai ciclistas e ti estás cos mellores porque nun equipo ciclista hai escaladores, hai loitadores, hai sprinters, hai persoas combativas e ti neste grupo e no partido do que formas parte hai de toda clase de persoas que representan o que acabo de dicir, ao igual que hai persoas gañadoras que traballan día a día para superarse, no ciclismo hai etapas e hoxe comeza unha nova etapa para o noso Grupo municipal, no día de hoxe celebrouse unha etapa que tivo remate en Cabeza de Manzaneda e houbo un momento moi emotivo e quero facer un símil coas noites electorais, hoxe gañou Pablo Castrillo no Alto de Cabeza de Manzaneda, un humilde corredor que tivo un gran entrenador e unha gran persoa que lle deu a oportunidade do ciclismo que foi Manolo Azcona, que tristemente e por casualidades da vida faleceu na noite de hoxe, hoxe na televisión miráronse bagoas de alegría pero tamén de tristeza e as veces. Iván, nas noites electorais a pesares de gañar a etapa non se consegue a gran vitoria, dese gran feito que é a noite electoral, é dicir, gañas a etapa pero non consegues o triunfo final, por iso nós gañamos a etapa en maio do ano 2011, gañamos a etapa no ano 2019 e gañamos a etapa do ano 2023 e coa túa aportación estou convencido de que vamos a ganar a etapa no 2027 pero vamos a conseguir o triunfo de esa gran proba que é as eleccións do ano 2027. Como dixen hoxe, comeza unha nova etapa para este grupo, comeza unha nova era no noso Concello coa túa incorporación neste Goberno Municipal e estou seguro que será unha etapa nas que nos van a levar a esa vitoria do ano 2027. Moito ánimo Iván e moito animo a todos os compañeiro, benvido e sorte.

Sr. Rodríguez Canosa: Benvido a Iván, novo Concelleiro que se suma a esta Corporación, darche a benvida e espero que teñas máis acertos que erros porque serán acertos para Salceda, sei que ves a aportar en positivo e non en negativo e desexando que axuda a Salceda vaia un pouquiño mellor.

Sr. Gregorio Vaqueiro: Darche a benvida, esperemos que teñamos máis encontros que



desencontros e simplemente benvido dende o Grupo Socialista.

SR. Guerra García: Sr. Lorenzo en nome do BNG doulle a benvida e esperemos que teña concordancia aquí e que achegue moitas cousas, cousa que de momento aínda estamos esperando por parte dos que o acompañan nese grupo.

Sr. Lorenzo Rodríguez: Agradecer as palabras de benvida por parte da Corporación e como non, agradecer a presenza hoxe aquí neste pleno de familia, amigos, amigas, veciñas e veciños que me están arroupando neste día tan especial para min. Capacidade de xestión, honestidade, credibilidade, coherencia, respecto, empatía e humildade, estas son as principais cualidades que todo cargo público debe de ter, características que todo veciño e veciña espera de todos e cada un dos membros da corporación que representamos. Cos seus votos, fomos elixidos para estar aquí e representalos e é o noso deber facer da política unha ferramenta seria e con credibilidade que lles retorne a todos os veciños e veciñas a calidade de vida que queren, a calidade de vida que necesitan. Iníciome neste novo mundo da política con dúas premisas, a primeira a firme convicción de que existe outra forma de xestionar na cal os veciños non sexan os prexudicados senón os beneficiados, xestionar con cabeza e con sentido común e a segunda, respecto e igualdade cara a todos os veciños e veciñas con independencia da súa cor política. Estou aquí para aportar, para contribuír e ser participe desa Salceda que teña un presente e un futuro ilusionante cheo de oportunidade un presente e un futuro onde lles facilite o día a día a todos os veciños e veciñas. Agradecer a Santi, comité local e compañeiros de candidatura a confianza depositada en min e para min unha honra representar como Concelleiro as miñas parroquias de corazón, San Xurxo e Picoña, é para min unha honra representar a toda Salceda. Traballarei por e para Salceda ao igual que fan os meus compañeiros de partido ou igual que fixeron todos os compañeiros que me precederon, moitas grazas.

Expediente 1033/2024. Aprobación da Conta xeral correspondente ao exercicio 2023

Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 7, En contra: 6, Abstencións: 0, Ausentes: 0

Sr. Rodríguez Canosa: Neste punto traemos a aprobación a Conta Xeral do exercicio 2023, trátase dun documento técnico sobre o que non se pode facer aportacións nin traballar sobre el. A Conta Xeral ten un procedemento de aprobación un tanto diferente do resto de expedientes, neste caso pasa primeiro pola Comisión informativa pola que pasou 24 de xuño, na que se ditaminouse a favor por catro votos a favor e tres en contra, posteriormente foi publicada no boletín oficial da provincia de Pontevedra o 9 de xullo e non habendo alegacións tráese a este pleno para a súa aprobación definitiva, tamén dicir que antes de pasar pola Comisión Informativa estivo a disposición dos concelleiros e concelleiras o 17 de xuño. A Conta xeral é un expediente extenso e posiblemente sexa, na área económica, o expediente máis extenso. Nel podemos atopar diferentes informes, como exemplo o informe do cumprimento da regra fiscais, o informe da regra de gasto, estabilidade orzamentaria, liquidación de gasto, liquidación de ingresos, reparos de intervención, a propia conta, acta de arqueo e o propio informe da conta, moitos documentos, documentos moi extenso. Neste sentido, quero agradecer e felicitar aos departamentos de intervención e tesourería polos traballos de recopilación, dicir que son xa cinco anos seguidos nos que estamos presentando a Conta xeral no prazo esixido pola Lei que é unha das condicións para solicitar moitas subvención como por



exemplo as da Xunta de Galicia. Un documento que os datos que se reflicten nel son a 31 de decembro de 2023, e entre os datos que podemos extraer e os máis importantes é o remanente de tesourería que é un total de 2.050.184€ que si lle restamos os dereitos de dubidoso cobro e os excesos de financiamento quedáanos un remanente total de 1.395.582,07€, remanente que xa trouxo a este pleno para poder incorporalo ao orzamento, pero tamén nos indica o nivel de endebedamento, temos un nivel de endebedamento do 54,30% un total de 2.650.870,97€ que si os deglosamos dáanos que do plan de pagos a provedores temos unha débeda de 2.107.936,9€ e das expropiación do Parque da Raíña Aragonta 542.934,88€. O resultado tamén que nos da esta Conta xeral é un resultado orzamentario positivo neste exercicio de 2023 de 1.620.684,80€ isto é o que fai que teñamos ese remanente si xeramos máis ingresos dos que temos cuberto no orzamento de aí que se poida incorporar, ademais dunhas obrigas recoñecidas netas de 8.912.988€ e que tiveron un grao alto de execución do 99,84%. Si comparamos o importe das obrigas recoñecidas diminúe nun 9,54% en relación ao ano 2022 e si comparamos os dereitos recoñecidos do ano 2023 que é de 10.438.000€ cos do ano 2022 que son de 7.560.000€ nótase e constátase un aumento considerable dos dereitos recoñecidos. Estas son as cifras máis importantes desta Conta Xeral, que é un documento técnico que fai un reflexo do exercicio 2023.

Sr. Núñez Troncoso: Quero iniciar a miña intervención dando a benvinda Iván que estou seguro que vai a facer moito e ben por todos os nosos veciños. Sr. Salustiano, non podo pasar por alto o que acaba de dicir, creo que levamos aportado bastante a este pleno outra cousa é que vostede queira sumarse, si vostede se xunta cos perdedores vostede verá pero creo que se leva aportado bastante a ese pleno.

En primeiro lugar quero felicitar, sobre todo, ao departamento de intervención tamén ao de tesourería pola elaboración de este documento, un documento que aínda que sexa técnico si que recolle a xestión do orzamento do goberno durante o ano 2023 e digo felicitar no sentido sobre todo pola carencia de persoal que sofre, sobre todo intervención, e outra cousa é a xestión do orzamento de este goberno que iso xa dista moito do que é unha felicitación. O Goberno, como acaba de dicir o Concelleiro de área, tira foguetes porque hai un remanente positivo de tesourería. Efectivamente hai un remanente positivo de tesourería pero o certo e a realidade é moi distinta ao que nos acaba de dicir o Concelleiro de área, os informes de intervención xa advirten das diversas deficiencias, vicios na xestión de este orzamento, empezando polo incumprimento da Lei de contratos. Un dos acordos señor Salustiano que vostedes firmaron para nomear Alcaldesa, porque se segue incumprindo, e di o informe de intervención en relación aos contratos menores *“aínda que xeralmente cada unha das obrigas recoñecidas por estes conceptos individualmente consideradas cumprían a condición cuantitativa establecida no artigo 118 da lei de contratos, a suma das cantidades facturadas polos distintos provedores, en atención á natureza dos servizos prestados, durante todo o ano 2023 superou os límites cuantitativos establecidos para os contratos menores, o que supuxo un fraccionamento non permitido pola Lei de contratos, circunstancia que foi advertida nos diferentes informes de aprobación de facturas”*. Incumprimento da prelación de orde pago, tamén o recolle o informe de intervención *“en base á información recadada por esta intervención, incumpriuse en reiteradas ocasións o principio de prelación de pagos ao longo do exercicio que establece o artigo 187 do Real decreto lexislativo 2/2024, de 5 de marzo”*, isto está nun documento señora Alcaldesa. Vostede dicía no último pleno que non había un documento onde dicía ese incumprimento, está neste documento pero non só neste, nestes e nos anteriores cando falaba da Conta: incumprimento período medio de pago, a lei establece 30 días e o noso Concello ten 76,46 días, como recolle tamén o informe de intervención; ou



que dicir das facturas que se deixaron sen pagar do 2023 por un montante total de 2.032.000€; inadecuado sistema de comunicación entre os departamentos á hora de xestionar as subvencións concedidas, isto tamén o recolle o informe de intervención: “*asemade sinalar que non se conta co sistema adecuado de comunicación entre os distintos departamentos de xeito que en moitas ocasións téñese coñecemento de que existen subvencións concedidas a este Concello cando se aporta directamente o gasto xa realizado*”. Xestión económica do orzamento, levamos dito reiteradamente ano tras ano cando se trae a conta, o saldo de dubioso cobro, este ano 2023 hai 440.000€, no ano 2022 na anterior conta 438.000€ se incrementou en 2000€, isto quere dicir que uns veciños pagan impostos, taxas e outros non ou que a uns se lles reclama vía executiva e outros non, levamos incidindo nisto ano tras ano e seguimos igual; no apartado de ingresos, capítulos I,II e III que se refiren a impostos e taxas, aquí está o IBI, o rodaxe, o ICIO, lixo etc... hai unha previsión de ingresos de 2.518.000€, se recadaron 3.166.000€ é dicir, 648.000€ a maiores do previsto, ou sexa un 26% máis destacando sobre todo a recadación do IBI que con respecto a previsión que era de 1.325.000€ se recadou 1.612.000€, ou sexa 287.000€ máis do previsto e onde está esta diferenza, esta recadación a maiores?, porque nós non notamos e creo que os veciños tampouco melloría con respecto a 2022. A parroquias aí non están porque están máis abandonadas que nunca, a ver si nos poden explicar a onde foron eses cartos.

Na área de gastos nos chama a atención unha cousa, as subvencións as traídas de augas, se implantou no orzamento non fai moitos anos e nós apoiamos esa medida e é máis creemos que é corta porque se consignou unha partida de 30.000€ para repartir entre as traídas de augas das parroquias, pois este 2023 non se concedeu ningunha subvención, esta partida quedou sen tocar e quero recalcar que as traídas de augas fan unha función importantísima para o Concello como é o abastecemento de auga aos veciños e o mesmo camiño leva o 2024 porque hai un decreto asinado pola Alcaldesa en xuño de este ano onde elimina esa cantidade e a leva a outra partida. Publicidade, propaganda e atencións protocolarias este é ano tras ano, gastaron vostedes 125.000€ en publicidade e propaganda e gastos protocolarios aí están metidos os 18.000€ dos vídeos propagandísticos, facturas que entran neste Concello a 1.500€ mes, xa sabemos que nos van a dicir que aquí están as axudas a deportistas, un clásico, pero tamén é certo que xa lle dixemos que elaboren vostedes unha ordenanza fiscal que regule as subvencións aos deportistas, deanos a opción a participar nesa elaboración e seguro que vamos a chegar a un acordo é máis as cantidades que se están dando a eses deportistas sobre todo en deportes minoritarios son irrisorios. En canto á débeda que temos a 31 de decembro de 2023, temos unha débeda financeira, préstamos que dicía vostede antes, de 2.726.000€ si vostede a isto lle ten en conta os recoñecementos extraxudiciais de créditos que temos tres e o outro virá a continuación que suman un total de 2.032.000€ e se temos en conta o remanente de tesourería que acaba de dicir antes o Concelleiro de área pois temos un débeda a 31 de decembro de 2023 de 3.363.000€, pero a cousa non queda aí porque no préstamo que vostedes formalizaron conxunta co PSOE no mes de marzo por 2.100.000€, a iso hai que sumarlle ata o ano 2035 os intereses, 626.000€ de intereses que hai que pagar dende o 2024 ata o 2035, unha media de 52.000€ a maiores que empezaremos a pagar este ano.

Sr. Gregorio Vaqueiro: Coincido en algunhas apreciacións que fai o compañeiro Joaquín en canto a que é necesario a regulación das axudas a deportistas, as subvencións ás traídas de auga, pero entendo que a aprobación da Conta Xeral do 2023 é un documento técnico, documento necesario para que se siga traballando, non é un debate dos orzamentos senón do que xa está feito, agora pouco se pode facer co que se fixo ben ou o que se fixo mal polo tanto simplemente o debate será nos próximos orzamento cando se presenten.



Sr. Guerra García: A min gustaríame agora mesmo estar debatendo uns orzamentos en vez de estar debatendo a Conta Xeral do ano pasado, porque entón poderíamos estar falando dos ingresos que necesita este Concello e a onde se ten que dirixir o gasto, como iso non é posible e non parece que vai a estar a man, polo menos de inmediato, temos que debullar o documento da Conta Xeral 2023 e ver os Governos, porque houbo dous, que fixeron cos cartos o ano pasado.

O documento en si, efectivamente é un documento técnico está todo no seu sitio non vamos dicir nada ao respecto, en todo caso creo que se debe recoñecer o esforzo que fai o departamento de intervención porque no seu informe di algo, queixándose continuamente do nivel que ten de traballo, da falta de recursos que ten ese departamento e todo iso o que pode levar é a que poida haber erros no documentos que se presenta aquí, ese papel de intervención hai que encomialo dende o conxunto da Corporación, porque efectivamente un departamento onde está unha persoa titular e unha persoa auxiliar administrativa para todo este traballo, quero lembrar que o número de facturas se elevan a 4.000, factura e o documento que se nos presenta ten case 500 páxinas, e recoñecer que traballan o que non debían traballar ou nas condicións que non debían traballar.

A nós gustaríanos entrar en algunhas cuestións que creemos que definen o mal facer do goberno en canto a orientación do gasto. O 24 de xuño pasado saía no xornal oficial do goberno local de Salceda unha declaración da señora Alcaldesa na que dicía que "*a adecuada contención do gasto sen restar servizos aos veciños e veciñas permitía ter un millón e pico de euros para pagar facturas*", é difícil comer ese titular porque si un aforra e debe un millón e pico que vai pagar, en todo caso non está aforrando nada, pero é que a nós mirando máis de preto determinadas actitudes respecto do gasto, gustaría poñer o foco nunha cuestión moi importante, moitas das facturas que entran neste Concello son de traballos primeiro que se encomendan sen ningún tipo de licitación, traballos que maiormente teñen unha carga importante no conxunto da factura no que é a man de obra e que se están encomendando a empresas porque o cadro de persoal deste Concello fai augas, fai augas en canto que a relación de postos de traballo ten 44 postos e de eses hai 9 postos que están sen cubrir, casualmente deses 9 postos a maioría nun departamento tan sensible como é obras e servizos, nós creemos que este Goberno Local está renunciando a facer política de xestión do persoal en aras de contratar, subcontratar externamente e o que non se nos di, ou o que se pretende pasar por alto é unha cuestión moi importante que é, cada factura que chega a este Concello de servizos que podía facer o persoal si estivera contratado e si esas prazas estiveran cubertas, teñen un custe adicional para a veciñanza dun 30%, porqué? Porque esas facturas levan un IVE e aparte do IVE levan a porcentaxe que cada empresa pretende gañar, que normalmente non baixa do 10%. Este Concello é un consumidor final co cal o IVE non pode compensalo, non é unha empresa que fabrica un produto o encomenda fora é compensa IVE, o Concello é un consumidor final e non pode compensar o IVE, co cal os servizos que estamos pagando por falta de cobertura das prazas de persoal as estamos pagando cun 30% de recargo como mínimo. Xa me dirá o Goberno si esta actuación ou este xeito de actuar se diferencia moito do que faría o PP, eu creo que non porque esteamos falando máis do 20% do persoal e en todo caso eu relaciono algunhas partidas onde as facturas son claramente un mal gasto nese 30% porque as facturas son sobre todo man de obra. Falamos de limpeza, nós sumamos 453.000€, lixo 61.000€, mantementos ordinarios 20.000€, rozas 86.000€, xardíns case 56.000€, dos traballos que nós localizamos de facturas de obras hai unha parte indubidablemente podía estalo facendo un departamento de obras e servizos si tivera o seu persoal, que partimos da



base de que as 44 persoas é un cadro de persoal corto neste Concello, comparado polo menos cos Concellos veciños, isto ten que corrixirse porque señora Castiñeira, non nos digan que fan política de esquerda e logo na práctica non se distancia en determinadas cousas do que podería facer a dereita. Este recargo do 30 % non só é neste tipo de partida, hai unhas cuestións como por exemplo ver unha factura dun taquilleiro na piscina municipal e se nos factura 6.122€ por unha persoa na taquilla, supoñemos que nos meses de xullo e agosto, na piscina municipal. Hai outras partidas, aquí se fixo referencia a protocolo, propaganda e publicidade son dúas partidas moi aleatorias e nós creemos que son dúas partidas que para a veciñanza son fume pero para quen as use son vaidade e é que no protocolo se gastaron 62.700€, aínda lle quedou remanente negativo de 19.000€ que se gastaron de máis, pero en propaganda e publicidade cando vemos a relación de gastos de 61.000€ pensabamos, ademais aparece un remanente positivo de 8.700€, pensabamos que aforraran algo, que non gastaran toda a partida de publicidade e propaganda, pero cando nós imos á partida de acredores a final de ano por operacións realizadas e non pagadas, resulta que nos topamos que se deben de propaganda e publicidade 14.400€, nos topamos con case 140.000€ entre as dúas partidas. Para nós é un mal exemplo, dada a situación económica de este Concello e sabe o que significan estas dúas partidas practicamente de libre disposición, máis do 4,5% dos ingresos directos que este Concello ten dos veciños e veciñas do municipio. Nós analizamos outra área a 33, Cultura, patrimonio e festas onde, que casualidade, que quedan sen gastar de cultura 152.000€ dos 465.000€ orzamentados pero é que gástanse en festas 217.043€ máis dos orzamentados, a min dáme pena ver que quedan 152.000€ de cultura sen gastar en cambio de festas se sube a partida sobre o orzamentado en 43.000€.

Sr. Rodríguez Canosa: Empezando polo Grupo Mixto, di que hai erros no documentos, non vexo que houbera ningún tipo de alegacións ao documento. Di o señor Salustiano que facemos un goberno de dereitas, é curioso que o diga el cando sempre se está alineando co PP de Salceda nas votacións e curiosamente, tamén na forma de debater con estas medias verdades sempre terxiversando os datos e as cifras, porque o invento este do 30% non o vou a comentar; e despois falar de que privatizamos en fin, somos un dos poucos Concellos da contorna que temos o lixo municipal, moitos outros Concellos e moitos do BNG téñeno privatizado e nós o temos público. As cifras son as que son, é un documento técnico xa o dixeran pero hai servizos públicos que temos que facer e que non podemos deixar de facer, o desbroce non o facemos?, as limpeza dos edificios municipais, tampouco as facemos? Penso que temos que facelo, debemos facelo e continuaremos facéndoo. En cando ao persoal, tamén é curioso que fale vostede de iso cando agora mesmo estamos en diferentes procesos de persoal e se está traballando moito, como por exemplo o proceso de estabilización ou a creación dunha bolsa de administrativos ou tamén na creación dunha bolsa de traballadora social, son expedientes que están abertos e están en marcha na contratación de persoal, si vostedes non me cree nos últimos anos contratáronse e comezaron a traballar no Concello 3 persoas funcionarias interinas nos departamentos de vías e obras, tres persoas que tras os procesos selectivos comezaron a traballar ocupando prazas vacantes, fan falta máis e pouco a pouco irémolas sacando, a nosa idea sería sacar todas pero ao final o volume de traballo é o que é para un Concello das cifras de Salceda.

En canto a o señor Joaquín, non sei si responderlle ou non porque o que vai dicindo sempre son falsas verdades, trae o discurso preparado da casa e nin sequera ten a decencia de escoitar o que o Concello de Facenda di, porque eu claramente dixen a cifra da débeda total, que tamén dixen na Comisión informativa, que é de 2.650.870,97€, esta é a débeda total que figura na Conta Xeral. Isto é a Conta Xeral, é pasado e penso que deberíamos falar de futuro. En canto



a publicidade e propaganda, tamén hai gastos que tamén se inclúen como a festas dos Callos, supoño que tamén estarán en contra disto ou a Festa do Cristo son gastos de publicidade e propaganda, entendo que tamén estades en contra de eses gastos. Respecto de cultura e festas que de dicía Tano unha terxiversación máis das cifras por parte do Grupo Mixto e remato coas traídas, evidentemente dixeches que non se executou esa partida, como ven saberás facendo cumprimento do plan de axuste aprobado por esta Corporación incluía a redución de 10.000€ nesa partida e debido que non puidemos actualizar os ingresos como tamén estaba recollido nesa partida tivemos que reducir máis gastos e un dos gastos que se reduciron no 2023 foi esa partida, para dar cumprimento a un Plan de axuste aprobado por esta Corporación, pero seguimos colaborando coas traídas como sempre se fixo con colaboracións puntuais e tamén con colaboracións que non custan tanto, pero que son un traballo moi bo e moi interesante para as nosas traídas parroquiais que está levando agora mesmo o meu compañeiro, o concelleiro de Axenda ecolóxica Marcos, e que é o mapeo e o cartografado da rede de diferentes traídas municipais, un traballo que non é moi custoso pero que si é moi importante para as traídas, xa que moitas de elas non teñen esta rede cartografada, non teñen mapeo feito, polo que si está colaborando coas traídas veciñais.

Remato dicindo que isto é a Conta Xeral do ano pasado e confío que en breve poderemos traer aquí os orzamentos para debater e que cada quen poña o seu punto de vista do que Salceda merece, si Salceda merece gastar o diñeiro que ingresamos, que como ven dixo Joaquín que ingresamos máis do previsto no ano 2022, si a veciñanza de Salceda merece que invertamos nos servizos que demanda ou si pola contra decides que non, que Salceda non merece eses servizos, que hai unha amnistía fiscal, que é o xeito preferido do PP, e que sigamos con uns ingresos e con un orzamento por debaixo das nosas necesidades.

Sra. Alcaldesa: Non vou pasar por alto esta frase que ano tras ano falamos do mesmo, dita catro veces por Joaquín, vostede acábao de dicir ano tras ano traen exactamente sempre o mesmo discurso, ademais un discurso que creo que xa coñecemos todos, catastrofista, de quebra, de bancarrota do Concello, nós seguimos aquí pero ano tras ano repite o mesmo discurso, ese sentir catastrofista que sempre ten o concelleiro Joaquín, el que levou tantos anos a área de facenda non moi ben, por certo, fala de débeda financeira cando precisamente o préstamo que estamos soportando aínda é o do parque da Raiña Aragonta por unha expropiación indebida ao igual vos pode falar mellor el diso que eu, agora ben aquí a falarnos de débeda financeira. Os das traídas de augas, eu creo que non lle foi a dar ningunha queixa ningunha traída de augas da falta de colaboración deste Concello coas mesmas, será que vostede non fala moito con elas ou non ten o coñecemento suficiente, ademais de empregar os 30.000€ como ben lle dixo o concelleiro Álex, o que está facendo dende o departamento de Medio Ambiente e de Axenda Ecolóxica o compañeiro Marcos Troncoso, ten pouca información debería estar máis informado para ser concelleiro. En canto a publicidade e propaganda, o debate de sempre da igual que sexan convenios coa prensa, estou esperando que me digan cales se eliminarían dende o PP, da igual que sexan convenios deportivos, da igual que sexan pinchos aos Centros Culturais ou a aqueles colectivos que veñen a facer o ciclo cultural, iso si, nunca vamos a chegar ao gasto de 30.000€ de gastos de pinchos pola inauguración deste santo edificio para chegar aí aínda fai falta moito. Que sempre estean sempre co mesmo discurso creo que é cansino e que ninguén llo compra, é curioso máis diñeiro para todo o mundo pero sen ingresos ese discurso é moi populista pero non llo compra ninguén.

Sr. Núñez Troncoso: A verdade é que de demagogia a Sra. Alcaldesa vai sobrada, estamos



dicindo practicamente o mesmo ano tras ano porque vostede ve os informes, non sei si os verá ou no, son exactamente os mesmos, levamos así ano tras ano cos mesmos informes, e o informes din o que din e que xa mencionen anteriormente. En relación a traída de augas é o que está na liquidación, que figura no documento da liquidación? Crédito dispoñible 30.000€ é o que está no documento, é certo ou non é certo? Publicidade e propaganda levamos dito por activa e por pasiva que nós non estamos en contra de eliminar esa partida ou vostede escoitounos a nós de dicir iso de eliminar esa partida? Búsqume vostede unha acta onde diga iso, unha cousa é unha cantidade máis ou menos sensata e tendo en conta a situación económica de este Concello e outra cousa é a barbaridade que vostedes gastaron no ano 2023.

Dicía o Sr. Alejandro que o servizo do lixo é municipal, entón as facturas que emite unha empresa polo persoal, chófer e operarios eses son municipais, iso está privatizado, encuberta pero está privatizado. Antes, Sr. Salustiano, cando gobernaba o PP era persoal deste Concello agora non ocorre na maioría das veces, o mesmo pasa con servizo de limpeza antes era persoal de este Concello, vías e obras, persoal deste Concello, biblioteca persoal de este Concello que agora entran facturas de máis de 3000€ por unha persoa dunha empresa privada, era persoal de este Concello señor Salustiano, entón non diga vostede que nós política de dereitas, xa me dirá vostede que é aplicar políticas de dereitas ou de esquerdas aquí en Salceda, vostede está de acordo con un novo centro de día aquí en Salceda, si verdade? Nós tamén, está de acordo en mellorar as instalacións deportivas? Seguro que si, nós tamén, está de acordo en facer o saneamento en Soutelo e en Entenza? seguro que está de acordo, nós tamén, está de acordo na Galiña Azul, seguro que si nós tamén. Iso que é de dereitas ou de esquerdas? É o sentindo común, quítese ese mantra de dereitas, de esquerdas que aquí suman 9500 veciños, esquézase diso e traballe polos veciños, déixese de dereitas de esquerdas, a min iso quédame moi lonxe.

Señor Alejandro, dicía vostede que o dato da débeda que o aumentamos, nós dixemos 3.363.000€, vostede dixo menos, balance de situación, débeda a longo prazo con entidades de créditos, préstamos, 2.726.000€ só vostede na débeda dixo que había 2.650.000€, só en préstamos xa hai máis, hai os recoñecementos extraxudiciais de 2.032.000€ e hai que ter en conta o remanente positivo de tesourería, faga vostede a conta, eses documentos están na Conta. Quen dixo aquí que este grupo estaba de acordo coa amnistía fiscal? Quen dixo iso? Hai que pagar impostos todo o mundo e o xusto e non pagar uns e outros non como o saldo de dubidoso cobro, depure esa conta que é a súa responsabilidade, é inxusto que uns paguen impostos e outros no. Ao fío do que falaba o señor Salustiano, en relación ao persoal, creo que debería facer algo máis, está ben criticar ao goberno, para vostede se ve que tampouco é un documento técnico senón que creo que temos claro que é un documento que recolle a xestión do orzamento do goberno municipal, a parte de que queiran chamarlle un documento técnico, iso é unha escusa moi fácil, vostede tamén o acaba de facer en canto ao persoal e creo que debería facer algo máis e non solo criticar ao goberno, polo ben dos veciños e ao mellor polo ben do seu Grupo ao mesmo lle digo ao PSOE, vostede acaba de dicir que coincide en algunhas cousas con nos pero seguramente que vai a votar a favor de este documento, entón acláranse vostedes. Si vostede está a espera de debater os orzamentos aquí neste Concello vai telo complicado ou entra no goberno e trae vostede os orzamentos para debater senón non vai a haber orzamentos.

Sr. Gregorio Vaqueiro: Joaquín, que vamos a votar a favor e que coincidiamos en cousas con vos, entendemos, que como ben dixeches, que é un documento técnico que creo que é imprescindible para que se sigan tramitando determinadas subvencións e xestións por parte do Concello, entón votalo en contra significaría darlle marcha para atrás a moitas subvencións que



poida pedir o Concello e así como a determinadas xestións, eu entendo que si votamos isto en contra o que facemos é que llo devolvemos a intervención e que ten que volvelo a enviar outra vez, si o interesante é presentar uns orzamentos que é o que temos que debater teremos que pedirlle aos que están no goberno que presenten os orzamentos e debatelos non falar sobre o que xa está feito que agora pouca solución ten.

Sr. Guerra García: Eu non cataloguei a este goberno de dereitas, dixen que facía políticas de dereitas, señor Núñez Troncoso, pensei que me estaba facendo unha proposta política pero xa vexo que vostede é o antipolítica tamén, das ideas dereitas e esquerdas non existen. Chámanos a atención algunhas facturas, aquí localizamos máis de 7000€ en pleitos, gustaríanos saber de eses preitos que se pagaron cantos foron por cuestións relacionadas co persoal do Concello? Facturas temos algunhas que nos chaman moito a atención, un que é de xuño do ano pasado, que é medalla de concelleiros 5200€ e nos preguntamos a que se debe esta factura si as medallas son patrimonio municipal e están no inventario do Concello. Outra factura, mantemento anual da páxina web apraza.gal, alguén sabía que este concello tiña unha páxina web apraza.gal que está dada de baixa, creo que ninguén sabía que existía, o feito de que o servizo de intervención estea como estea da lugar ao que nós entendemos, aquí hai unha factura que creemos que está duplicada do 20-10 un anuncio nun medio de comunicación simplemente o único que muda é o número de factura 490 e 492, o importe é o mesmo e o anuncio é “en foro ... número 70 de outubro de 2023”, dúas facturas que din exactamente o mesmo. En abril do ano pasado temos unha factura que é “ruta das canteiras” por 316€, non entendemos que aquí chegue calquera que queira organizar unha excursión cos amigos e o Concello teña caixa aberta para pagarlle os petiscos, os pinchos, ao igual que non entendemos que haxa unha factura de gráfica por unha edición de 1000 exemplares do libro - recortes da historia de Salceda- non sei si o resto dos membros da Corporación teñen coñecemento fora do Goberno de que libro é ese, eu non teño nin idea, 1000 exemplares daba cando menos para que os membros de esta Corporación tiveramos coñecemento e si tal un para lelo. Chámanos moito tamén a atención outra factura do 30 de agosto, unha visita ao Pazo de Pegullal por 350€, señora Castiñeira nos pensabamos que o patrocinio que vostede fai dos viños de Pegullal xa estaba pagado o servizo do uso do Pazo o que agora nos enteramos é que o branqueamento que se fai de determinadas persoas, a parte cústanos cartos e a parte e un branqueamento que é imposible de levar a diante porque non vamos a esquecer nin debemos esquecer nunca que a maior quebra do Estado español está relacionada con xente de esa propiedade, e non nos estrañaría tampouco á vista do que hai que algún día chegar a ver algunha factura de desprazamento a Soto del Real por parte de alguén do goberno local. Creemos que a parte da estética fai falta moita ética, non se esqueza. Lémbrolle ao señor concelleiro de Facenda, de que os 700.000€ de remanentes aforrados en persoal, e somos xenerosos na cifra, porque o remanente non gastado en persoal son máis de 800.000€ pero lle restamos máis de cen mil de persoal que contrataron para o que non tiñan partida orzamentaria, entón dos 700.000€ que logo se dedican a contratar empresas sen ningún tipo de proceso, facendo amigos, escurriendo a xestións de persoal nun concello que é para nós unha parte importante do tipo de política que se debe desenvolver polo menos ideoloxicamente dende a nosa posición, nos gustaría que empezáramos a falar dun orzamento no futuro e nos gustaría que empezáramos a falar de corrección de este tipo de cousas.

Sr. Rodríguez Canosa: Señor Joaquín na próxima semana seguramente adxudicarase, farase un contrato para o subministro dun software de recadación, un programa novo de recadación, este Concello nunca tivo esta ferramenta que facilitará e moito a tarefa de tesourería para, entre outras cousas, ir rebaixando esa conta de dereitos de dubidoso cobro tamén anunciarlle



que eses dereitos mándanselle ao ORAL e o ORAL fai resolucións, como esta semana, que nos entrou unha resolución na que nos aprobaban 40.000€ de eses dereitos de dubidoso cobro. Evidentemente vostede prefere dicir que uns pagan impostos e outros non cando como Concelleiro de Facenda que foi supoño que saberá que hai empresas que van a quebra, empresas que desaparecen e que quedan sen pagar, xente que se declaran en quebra, insolvente, por iso están eses dereitos de dubidoso cobro, non intente enganar a xente dicindo que non se pagan impostos, aquí todo o mundo paga impostos e os impostos páganse de un xeito xusto e senón denúncieo e dígame en que Ordenanza fiscal non se pagan impostos dun xeito xusto.

En canto ao Grupo Mixto paréceme curioso que traia todos as dúbidas a este pleno cando na Comisión Informativa que en realidade é para resolver esas dúbidas non fixeron ningún tipo de aportación, tivo a documentación a súa disposicións dende 16 xuño, a Comisión informativa foi o 24 de xuño, tivo sete días para facer os seus deberes como Concelleiro e preguntar este tipo de dúbidas, as trae a este pleno cando evidentemente tan doado buscalas, pero si che podo contestar a unhas cantas. En canto á apraza.gal foi un páxina web que se puxo en marcha na anterior lexislatura e que actualmente non se usa pero no ano 2023 si se usou, en canto a ruta catro por catro, Pegullal entendo que nas súas políticas tampouco están incluídas a colaboración con colectivos, entendo que no momento que entren aquí pecharan todas as colaboracións cos colectivos do Concello, si esa é a forma que pensa o Grupo Mixto de gobernar evidentemente alegrámonos de que vostedes decidiran non entrar no goberno porque nós si que seguiremos apoiando os colectivos. O libro recortes da historia xa vexo que non sigue o día a día de Salceda, non coñece á veciñanza de Salceda e non coñece á persoa que publicou ese libro, unha persoa de Salceda, un libro que é a segunda edición dun traballo que recopila moita información do noso pasado, un pasado moi importante que debemos coñecer e que se presentou e estamos moi orgullosos de este tipo de iniciativas e polo tanto seguiremos apoiando a veciñanza con este tipo de iniciativas cando queiras podes pasar por Alcaldía ou pola Concellería de Cultura e entregarácheme un exemplar xa que non fuches o día da presentación, que foi cando se repartiron. Remato co tema das medallas, o ano pasado mercáronse unha medallas para a Corporación nova, 13 medallas porque non había medallas, o Concello so contaba con 12 medallas e ademais estes medallas eran de diferentes modelos, no ano 2007 cando houbo un cambio de goberno eran exactamente esas 12 medallas distintas e pensamos que no ano 2023 era bo e os Concelleiros mereceno, un custo que non me parece elevado para o que é e que en teoría durará moitos anos. Agradezo o exemplo de responsabilidade que está efectuando o PSOE porque poden estar en contra da xestión pero ao final este é un documento técnico e polo tanto vótano a favor e penso que é exercer a responsabilidade, a responsabilidade para a que a veciñanza nos votou e a responsabilidade para a que a veciñanza nos puxo aquí.

Sra. Alcaldesa: Contestarche dúas cousas Joaquín, nos departamentos cando gobernabades vós só había persoal do Concello porque non ofreciades servizo, caso por exemplo a biblioteca que se prestan servizo ben diferentes e ademais hai un horario máis amplo e incluso quenda de tarde como demandaban moitas persoas no verán para poder estudar, vostedes non ofrecían eses servizos, e precisamente cando vostede era concelleiro de Facenda, lembro cando se chegou ao goberno no 2007 se fixo unha revisión de quen pagaba taxas e quen non pois a metade da Esfarrapada non as pagaba, non vou dar nomes porque non estaría ben apuntar co dedo aos veciños que non as pagaban pero esa é a realidade e os documentos están aí para mostralos, que veña Joaquín a dar clases, leccións de ética de que hai que cobrarlle a todo o mundo por igual, este Goberno fixo o seu traballo no seu momento e sigue a



facelo aplicando unha carga impositiva xusta a veciñanza, non dea leccións cando vostede durante moitos anos non foi precisamente exemplar.

Ao compañeiro Tano, ten vostede unha oratoria, un discurso perfecto pero eu creo que ten un problema non entende por exemplo o sentido de esas facturas de colaboración con eses colectivos sociais porque non os coñece, porque non asiste a nin un so acto polo tanto non sabe o traballo que desenrola e o beneficioso que é para este pobo, tan sinxelo como iso e ademais non ten experiencia de goberno eu ofrecínlla, ofrecínlle incluso que escollera as áreas, persoal creo que lle iría como anel ao dedo non o quixo e creo que esa falta de experiencia no goberno faille cometer erros ou falar de utopías eu creo que debería preguntar máis a gobernos do BNG de todo o país como xestionan precisamente o tema de persoal ou os servizos públicos ou cales teñen privatizados ou no, non vir a dar leccións de maneira tan sinxela, altruísta a este salón de plenos.

Sr. Núñez Troncoso: Paréceme que vostede ten unha confusión cos termos económicos, falou de taxas, non eran taxas eran impostos, era o IBI, e llo vou a explicar, sabe cando se deron de alta o modelo 902 de eses inmobles todos, no ano 2005, sabe canto tardaba catastro en valorar eses inmobles todos? dous, tres anos, primeiro infórmese. PSOE, Xurxo, votar a favor isto aínda que sexa un documento técnico ao final vostede está a aprobar a xestión do orzamento, entre elas inclúe a eliminación da partida das traída de augas, vostede está de acordo con iso?. Sr. Salustina, o esperaba que polo menos me recoñecera que meteu a pata cando falaba de privatizar o tema de persoal, díxenlle un par de exemplos, a recollida do lixo cando gobernaba o PP era 100% persoal municipal, o de limpeza viaria cen por cen, vías e obras había bastante máis persoal que hai agora, biblioteca, creo que está un pouco errado. Sr. Alejandro alégrome que adquiriran vía subvención esa aplicación, polo menos a ver si realmente se baixa o saldo de esa conta de dubidoso cobro que está que si ve o remanente de tesourería pon o que pon, 400.000€ agora non sei canto será pero a 31 de decembro pon 440.000€ ao mellor si falamos da débeda que hai a data de hoxe, que nós non a sabemos, igual resulta que hai moito máis, pero a estamos a 31 de decembro.

Sr. Guerra García: Está ben saber que opinión ten a señora Alcaldesa de colectivos, eu pretendín dar un repaso, ben pequeno, dada a cantidade de documentación que é, sobre como se xestiona o orzamento e eu para rematar simplemente vou ler un parágrafo do informe de intervención que di *“apreciase unha altísima porcentaxe de execución do capítulo 2 o que pode ser un síntoma de que os créditos nos resultan os adecuados para o volume de gasto, isto é que case se esgota toda a capacidade do orzamento para financiar gasto, como se verá máis adiante, a tradución inmediata de este síntoma é a existencia dunha importante cifra de operacións pendentes de aplicar ao orzamento a finais de exercicio, esta cuestión non resulta menor pois compre ter presente que a mera existencia de este tipo de operacións agás casos particulares adoitan obedecer a unha desordenada e pouca escrupulosa xestión orzamentaria o que a cotío da lugar a realización de gastos para os que non existe consignación no orzamento, gastos que nacen por tanto adocidos dun vicio de nulidade e que poden ser constitutivos de incorrer en responsabilidade contable así como as responsabilidades que establece a Lei de transparencia do bo goberno”*. Non é o BNG o que está dicindo isto, son os servizos de Intervención que casualmente están denunciando a precariedade na que traballan e non me digan que nos últimos tempos contratáronse tres persoas, miramos o cadro de persoal e miramos que de 44 persoas máis do 20% están sen cubrir, iso que significa que dos remanentes que presume este goberno local 700.000€ eran de retribucións do cadro de persoal porque non están ocupadas as prazas e logo o uso que se lle da xa se dixo aquí, si creen que eso é o



camiño correcto indudablemente estamos lonxe.

Sra. Alcaldesa: Dou lectura a proposta de acordo seguinte:

“Primeiro.- Aprobar as Contas Xerais do Concello de Salceda de Caselas correspondentes ao exercicio económico 2023.

Segundo.- Remitir a Conta Xeral aprobada xunto con toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas, tal e como se establece no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo2/2004,de5demarzo,e,encumprimentodosmandatosdaLeiOrgánica/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e demais normativa concordante, ao Ministerio de Facenda.”

1º VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta esta da como resultado o EMPATE por SEIS VOTOS a favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4) e PSdeG-PSOE(2), SEIS VOTOS en contra dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal PP (6) e unha ABSTENCIÓN dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal BNG (1).

2º VOTACIÓN: Realizada unha segunda votación da proposta esta resulta aprobada por SEIS VOTOS a favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4) e PSdeG-PSOE(2), SEIS VOTOS en contra dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal PP (6) e unha ABSTENCIÓN dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal BNG (1), dirimindo o empate o voto a favor da Alcaldesa, adoptando o seguinte:

Primeiro.- Aprobar as Contas Xerais do Concello de Salceda de Caselas correspondentes ao exercicio económico 2023.

Segundo.- Remitir a Conta Xeral aprobada xunto con toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas, tal e como se establece no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo2/2004,de5demarzo,e,encumprimentodosmandatosdaLeiOrgánica/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e demais normativa concordante, ao Ministerio de Facenda.

Expediente 1723/2024. Recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 3/2024

Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 7, En contra: 6, Abstencións: 0, Ausentes: 0

Sr. Rodríguez Canosa: Neste punto traemos o terceiro recoñecemento extraxudicial de crédito do 2024, como xa é o terceiro entendo que toda a parte técnica xa está explicada nos dous primeiros, pero en todo caso, o recoñecemento extraxudicial de crédito é un expediente bastante sinxelo onde están o listado de facturas e o informe de intervención, este recoñecemento inclúe diferentes partidas, diferentes áreas entre elas unha partida de gasto de inversión de 269.066,39€, tamén facturas correspondentes ao ano 2023 por 10.196,38€, tamén facturas do ano 2023 pero rexistradas no 2024, normalmente as facturas de decembro solen entrar no ano 2024 que son 168.719,87€ e facturas correspondentes ao ano 2023 que non

contaban con crédito que son 358.568,23€. Un recoñecemento extraxudicial que inclúe facturas de servizos, de obras, de investimentos realizados para a veciñanza de Salceda e inclúen tamén moitos de eses rogos que nos pedides neste pleno, porque pedides que fagamos o rogo pero entendo que despois a factura non a aprobaredes, como ben dixemos antes, como ben dixemos na Conta Xeral, como ben dixemos cando foi na incorporación do remanente ao suplemento de crédito e crédito extraordinario, gastamos de máis pero tamén temos remanente de tesourería, tamén xeramos de máis, polo tanto este recoñecemento extraxudicial de crédito vai vinculado a súa aprobación, e así o di o informe vai vinculada entrada en vigor do suplemento de crédito e do crédito extraordinario que concretamente entrou en vigor onte despois da súa publicación no BOPPO. Esperamos que a Corporación aprrobe este terceiro REG, pagarlle aos provedores polos servizos que xa están realizados e que en algún casos como na área de investimentos retrasáronse máis do que esperábamos por distintas cuestión.

Sr. Núñez Troncoso: Estamos ante unha expediente que digamos que enche o vaso pero de sobra, terceiro expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos de 806.000€ o que fan un total cos tres de 2.032.000€ de facturas que se deixaron sen pagar do ano 2023, a maioría por falta de crédito, un 45% do orzamento de gasto. Conforman este expediente 688 facturas das 2055, que se din ben pronto, que se deixaron sen pagar do ano 2023. Hai facturas que no momento que vaian a cobrar levarán máis de un ano e medio sen poder cobrar dende que entrou a factura neste Concello, e neste expediente vemos varias circunstancias como falta de transparencia e control, dous exemplos no pleno de febreiro, no primeiro recoñecemento extraxudicial o Concelleiro de área nos di que había pendente de inversión de obra nova 249.000€, agora resulta que son 269.000€, 20.000€ máis, que había pendente de gasto corrente 386.000€ agora resulta que son 537.000€, que o total dos recoñecementos extraxudiciais serían 1.850.000€ e agora resulta que son 2.032.000€. As facturas que son de inversión que son 269.000€, resulta que o 70% deste 269.000€ son de facturas que entraron no rexistro antes do 1 de xuño e o 30% 82.000€, curioso que o 70% se gastara antes das eleccións municipais, iso dicían vostedes na nota de prensa “obras urxentes e necesarias”, curiosidade son urxentes e necesarias uns meses antes das eleccións. Incumprimento da prelación da orde de pago, aí está o informe de intervención que o di claramente, no pleno de abril aprobaron vostedes o segundo recoñecemento extraxudicial e ían facturas aí de xaneiro, febreiro do ano 2024, aquí van facturas de marzo do ano 2023, xa ve que a prelación da orden de pago nada. Incumprimento lei de contratos, isto é reiterado, se emiten diversas facturas o que implica fraccionar o servizo, o subministro e así intentar esquivar a lei de contratos e poder adxudicar a dedo, lle leo o informe de intervención que di: *“compre en fin sinalar que se dan por reiterados neste punto os reparos emitidos por esta intervención a este respecto de distintos gastos de carácter reiterativo e que fan referencia en especial a carencia de contratos de servizos ou subministro que pola súa natureza e carácter reiterado non poden ser considerados como contratos menores”*. Hai unha factura dun importe elevado, 11.000 - 12.000€ de traballos feitos en xuño do ano 2023, en concreto limpeza por onde pasou o rally Rias Baixas, entrou a factura en abril do ano 2024, nove meses máis tarde. Eu creo que o temos claro todos e calquera empresario, autónomo, pequeno comercio que cando fan un traballo, un subministro queren cobrar o antes posible, existen facturas esta e máis tarde, nove meses máis tarde cando a lei di a obrigatoriedade dos provedores de entregar as facturas nun prazo de trinta día unha vez feito o servizo, isto o di a lei e está recollido no informe.

Resume deste REC, pois que se lle debe a empresas de reparación e conservación máis de 74.000€, na maioría no primeiro semestre do 2023, a empresas que fixeron traballos de



limpeza máis de 150.000€, combustible máis de 12.700€, por certo, ningunha da gasoleira de Salceda porque non se vai alí a buscar o combustible, iso si, de publicidade propaganda e gastos protocolarios dos 806.000€ neste recoñecemento solo veñen 2.000€ e de vídeos propagandístico cero. Algunha das carencias que teñen as facturas, lle leo o informe de intervención: *“as facturas e gastos obxecto de recoñecemento extraxudicial que nos ocupa carecen de todo tipo de tramitación administrativa e contable e respecto das cales non consta a xustificación da súa necesidade, fiscalización e autorización previa ao gasto”*, e aproveito que temos a Verónica e vou dicir unha frase que ela dixo no pleno de febreiro e leo textual: *“creo que hai que empezar a gobernar para todos e para todas e sobre todo que haxa transparencia nas contas que foi a base do acordo que tuvo Movemento Salceda, BNG e PSOE para investila como Alcaldesa”*. Nós podemos sumarnos, non á parte final, ao outro si que estamos de acordo. Tamén o señor Salustiano, tamén dicía en febreiro, hai seis meses: *“Tamén nos cabe a posibilidade de dicirlle a este Goberno Local chega, abonda non podemos seguir así e que isto xa se mirou hai catro anos, hai seis anos, hai oito anos é da vella escola da que falabamos antes”*, estou totalmente de acordo, segue dicindo: *“onde vai facer un alto e vai dicir plantemos aquí e empecemos a mudar o goberno local?” esa é a pregunta é o que corresponde cando o que se nos pon diante non ten nin pes nin cabeza, solo fai falta ver os informes técnicos para botarse as mans a cabeza o peor non é o que temos diante o peor é o que non sabemos”*, totalmente de acordo, pero daquela falabamos de 1.200.000€ o recoñecemento agora a suma total son 2.300.000€ dirá algo distinto, digo eu.

Remato e quero dirixirme ao PSOE e ao BNG isto é inasumible e vostedes teñen que recoñecelo, aquí teñen dúas opcións ou entran vostedes no goberno e intentar paliar a situación ou senón terán que chegar un acordo de mínimos co grupo que gañou as eleccións, non hai outras opcións polo ben dos veciños, vostedes verán seguir nesta situación caótica ou intentar buscar outra situación e mellorar a situación dos veciños que para eso nos elixiron a todos os que estamos aquí. Remato coa nosa posición en contra, e non estamos en contra de non pagarlle aos provedores que os provedores na súa maioría dos casos non son culpables de isto que está pasando que leven tanto tempo sen cobrar, algúns si que sabían do tema e o exemplo xa o puxen antes, queremos deixar claro que nós non estamos en contra de pagar do que estamos en contra é da xestión nefasta que se está facendo aquí cos orzamentos do Concello e si vostedes queren ver para outro lado alá vostedes.

Sr. Gregorio Vaqueiro: Xa que se comentou a presenza da ex-alcaldesa, Verónica Tourón, dicir que ela deixou aprobado un plan de axuste para intentar evitar que se siga nun reiteramento por parte do Goberno de REC tras un REC, o que lle vou pedir ao Goberno municipal é que se aplique o plan de axuste que se siga a prelación de facturas e que se siga un certo orde do gasto para intentar evitar que continuemos no REC permanente porque si é certo que é terceiro desta lexislatura. En canto ao de entrar no goberno non é a miña intención, polo de momento, pero se pode negociar Joaquín.

Sr. Guerra García: Respecto deste punto eu pedín uns datos na Comisión sobre a débeda ou importe das facturas rexistradas ao día da Comisión sen pagar, a min non me chegou ese dato non sei si se enviou ou no.

Sra. Alcaldesa: Non se facilitou porque é un documento difícil de elaborar e require tempo cando se teña faráselle chegar.

Sr. Guerra García: Nós o primeiro que temos que dicir, que os provedores fornecedores de



servizos son culpables desta situación, porque segundo as palabras do señor Núñez parece que foran culpables, non sei si teñen convivencia co goberno local a efectos de que gozan dunha situación de privilexio con respecto da prestación de servizos sabendo logo que van a cobrar cando van a cobrar. Efectivamente aquí hai facturas de marzo do ano pasado, tamén é certo que hai de xaneiro, febreiro, e abril deste ano e pagar hai que pagar. Nos gustaría saber que débeda hai para poder realmente expor alternativas a esta situación, indubidablemente a alternativa pasa irremediabilmente por uns orzamentos, porque si miramos os informes de intervención vemos que o ano pasado houbo de modificacións de orzamentos 5.000.000€, que é moito dicir. Nós queremos saber ese dato e queremos sobre todo que se empeza aquí a falar de orzamentos de 2025, e falar de orzamentos é de falar doutras cousas e parece que o goberno local non quere atreverse a falar doutras cousas, simplemente as únicas opcións que se nos puxo un par de veces enriba da mesa foi a subida da contribución porque os ingresos non dan. Nós queremos falar de algo máis que de ingresos, dixémolo en todo momento e o que nós queremos nese debate orzamentario é falar do persoal e falar efectivamente dos acordos de investidura, iso que ten a man o señor Joaquín que bota man del cando lle interesa porque non ten outra proposta que facer.

Respecto do persoal, permítanme ler unha parte do informe de intervención que di: *ténse coñecemento neste Concello de polo menos doce sentenzas favorables aos traballadores que os declara en situación indefinida e que continúan nos posto pendentes de proceso selectivo, algún incluso tendo transcorrido máis tres anos dende a notificación sentenza firme*". Penso que volvemos a ter un problema de persoal, criamos que algún estaba superado, parece que non e a parte do persoal, as empresas que prestan servizos mentres non se solventa a situación de cobertura de persoal en todos aqueles apartados que sexan posibles, como se xestiona a contratación de servizos, porque ler algo como: *"as nóminas do persoal son confeccionadas por unha empresa externa sen respaldo contractual que se coñeza"*, como este unha restrita de apartados do servizo de intervención que falan sempre do mesmo, iso non é transparencia nin é claridade en todo caso nós aproveitamos para agradecer que as últimas listaxes de facturas se teñan pasado en formato de folia de cálculo porque nos permite cando menos manexar os datos que se nos poñen diante. Queremos apostar porque este goberno local empece a cumprir os cometidos, os acordos de investidura, sobre todo para quitarlle ao señor Núñez a perspectiva de que neste mandato non van ten opción porque non son opción de goberno polo que eu pido ao goberno local que conteste as mensaxes cando se manda e que se poña a traballar nos orzamentos 2025 porque algúns queremos traballar nese sentido pero fai falta que quen goberna que se poña.

Sr. Rodríguez Canosa: Si non contestei algunha mensaxe, Tano, podes volver a enviarma que a veces entre unhas cousas e outras pasáseme unha mensaxe ou pode chamarme que non mordemos ou incluso podes acudir aquí ao Concello, que estarei encantado de falar contigo. Tamén cando se convoca unha reunión para un tema hai que tratar ese tema e non monopolizar a reunión con outros temas, por exemplo. En canto a aplicar o plan de axuste que comentaba o compañeiro do PSOE, curioso, os actuais concelleiros non estaban naquel momento pero intentamos comezar a aplicar o Plan de axuste actualizando os ingresos e este Pleno da Corporación non o permitiu, polo tanto, a intención aí estivo e seguro que o volveremos a intentar pero seguramente recoñecemos que estamos en minoría e hai cousas que non podemos facer. Tano dis 5.000.000€ en modificacións, dis esa cifra pero segues coa política do PP de terxiversar, claro que houbo modificacións no orzamento porque a veces se recibe unha subvención e se xera crédito para esa subvención e se modifica o orzamento, non entendo que problema hai, entendo que e máis de descoñecemento da política municipal e de



como se xestiona a área económica dun Concello que a mala fe, penso que non é mala fe. En canto ao o PDF xa vos dixen moitas veces que non se podía facer por unha cuestión técnica do programa, agora mesmo o programa permite exportar e gardalo en Excel e se vos envía en Excel. Xa o dixen ao principio de todo, que había facturas do ano pasado, que había facturas de investimento, factura do 2023 rexistradas no 2024, xo o dixen todo non fai falta que o recordedes non intentamos ocultar nada, xa expliquei que hai facturas de diferentes partidas e que incluso había facturas do anterior goberno de investimentos, con iso lle contesto ao señor Joaquín en relación a que se pagan unhas facturas antes que outras, que como ben saberá unha cousa é o gasto corrente e outra é o investimento, son partidas distintas que hai que aprobar dun xeito distinto como ben lle dixen cando as diferentes facturas que contan con consignación evidentemente se pagan ao momento porque xa que está o crédito dispoñible da subvención para non facer perder o tempo. Tanto o PP como o Grupo mixto seguirán terxiversando a situación que é, son facturas de servizos realizados e que unha vez que están realizados e as facturas correctamente rexistradas cando os provedores as rexistran, evidentemente faltaría que nós tivésemos que xestionar empresas privadas, o lóxico é pagalas e aprobalo o recoñecemento e ao día de maña empezar xa a tramitación do pago. En canto a transparencia, insistides que non hai persoal de intervención e esta semana houbo que por a dispor do PP mil facturas para que revisaran unha a unha sen ningún problema, se iso non é transparencia non sei que máis quere, tiveron as mil facturas ao seu dispor nunha sala, vostedes solos tranquilos, cando nos listados de Excel se entende bastante ben de que é cada factura. O importante neste caso é pagar ademais temos o diñeiro para pagar, un exercicio de responsabilidade que penso que a oposición de Salceda o sobre todo o Grupo mixto e o PP deberían ter un pouco máis.

Sr. Núñez Troncoso: Sr. Alejandro si collemos calquera relación que está en Excel e vemos o concepto non ten nada que ver co concepto que pon a factura real e lle podo por varios exemplos, o primeiro: os espello, vostede non pon número de espellos nunha factura de setecentos e pico de euros e vamos a ver a factura e eran 14-15 espellos pero no concello pon espello. Si vemos o informe de control interno di a señora interventora: *“sobre la aplicación de fondos de contratos mayores el interventor no acude en la mayor parte de los casos al acto de recepción por non se le cita a efectos de comprobación material de la inversión, circunstancia que se pone de manifesto reiteradamente en los informes de fiscalización”*, isto é un dato importante. En relación á prelación de pagos seguimos pensando o mesmo en abril era gasto corrente e aquí vemos gasto corrente do ano 2023, se incumpre a prelación da orde do pago. Sr. Xurxo, vostede nota algunha diferenza dende fai un ano e medio dende a aprobación do plan de axuste? En que se mellorou? Na situación económica no porque non melloramos. Sr. Salustiano cando dixos vostede de ese dato que pediron na Comisión informativa agora acaban de darlle largas outra vez de novo como lle deron cando vostede plantexou fai hoxe un ano a modificación do regulamento do ROM, aprobouse por unanimidade modificar ese regulamento a día de hoxe aínda non viu, por ese dato vai ter que esperar por elo, para a próxima Conta do 2024.

Eu non dixen que as empresas foran culpables e si o dixen pido desculpas, a miña intención non foi esa, dende logo as empresas non son culpables, é certo que algunhas empresas saben do sistema para facturar iso que vostede dicía noutro pleno iso de factura, algunha si por sorte non todas. Menciona vostede que sempre lle recordo os acordos de investidura e llos recordarei sempre porque ese foi un documento que vostedes firmaron coa intención para que non governe a lista de gañou as eleccións, pero ata día de hoxe non se cumpriu ningún acordo máis ben se incumpriron todos e xa llo dixen unha vez que iso era papel mollado, a min non me



quita o sono aos veciños ao mellor si a nós no. A nosa posición vai ser en contra, non en contra de pagarlle aos provedores senón de como se está xestionando o orzamento.

Sr. Gregorio Vaqueiro: Facer fincapé en que para evitar o REC permanente é necesario un debate amplo tanto en Comisións coma en Pleno duns orzamentos de cara ao futuro, cumprir o plan de axuste, que como dixo Joaquín non se está cumprindo, comentou antes que houbo un intento de aplicalo con unha subida de impostos, entendo que en vez de aplicar unha subida de impostos teríamos que ver que gastos se poderían reducir no Concello, entendo que a subida de imposto debe ser o último ao que se debe recorrer e por suposto tamén que exista unha prelación nos pagos, é dicir, que non se paguen antes facturas máis recentes entendo que aquí hai que diferenciar orzamentos, inversións e distintas partidas e entendo que non se pode facer sempre pero intentar que sexa o máis axustada posible.

Sr. Guerra García: Cando falaba antes faláballe ao Goberno Local para que se poñan a pensar en que esta situación hai que mudala do sitio onde está, do cal me alegro moito de que vostede isto non lle quite o sono, a min a algunhas veces mo altera. Vostede antes fixo unha afirmación que a min me parece importante e é que parece ser que algúns traballos que se encomendan fracciónanse para evitar ir a determinados procesos de adxudicación a min gustárame, se iso existe, que tamén o diga aquí, porque vostede ve as facturas como as vexo eu a min pódese escapar pero si vostede di iso é porque seguramente ten observado algo. Eu trouxen aquí facturas que criamos que eran importante poñelas enriba da mesa, si hai algo por aí nos gustaría tamén que o fixese. Sr. Rodríguez Canosa eu cando digo que o ano pasado houbo modificacións orzamentarias por 5.526.877€ estou lendo un informe de intervención, non me diga que non, diga que si que é verdade e logo as partidas que correspondan por ingresos externos e as partidas que se moven dentro do orzamento porque o orzamento está feito un farrapo, e iso é o que queremos mudar na parte que nos corresponda, queremos ser positivos esperamos mudar isto, efectivamente levamos un ano, esperamos ter ocasión de mudar isto.

Sr. Rodríguez Canosa: Aclararlle a Tano que en ningún momento dixen que non houbera esas modificacións de crédito, simplemente lle dixen que estaba terxiversando e que esas modificacións son entre outras cousas polas subvencións recibidas, cando recibimos unha subvención faise unha xeración de crédito con cargo a esa concesión de subvención e polo tanto, é unha modificación de orzamento e como ben saberá, para facer grandes modificacións que inclúan diferentes áreas de gastos teñen que vir ao pleno, como viu o suplemento de crédito e como viu o crédito extraordinario. Insisto, non lle estou dicindo que o teña que saber pero tamén eu o descoñecía antes de entrar no Goberno e non pasa nada e non teño ningún problema en admitilo. O PP demostrou unha vez máis que a responsabilidade non é para eles decidiron de votar en contra de pagarlle as empresas por traballos realizado e ir en contra do Goberno que realmente saben que non están indo en contra do Goberno senón que están indo en contra da veciñanza, realmente pouco lles importa.

Sr. Núñez Troncoso: Sr. Salustiano a situación económica deste Concello a nós preocúpanos moito e creo que a todo o mundo porque ao final redunda nos bolsillos dos nosos veciños, seus, de todos os que estamos aquí e no resto dos veciños, eu creo que é para preocuparse e moito. O fraccionamento de contratos, creo que vostede lee os informes e seguro que leu o que pon o informe de intervención do recoñecemento, creo que xa llo lin antes pero llo volvo a ler: *“cumpre en fin sinalar que se dan por reiterados en este punto nos reparos emitidos por esta intervención respecto de distinto gasto de carácter reiterativo e que fan referencia en*



especial a carencia de contratos para servizos ou subministros que pola súa natureza ou os carácter reiterado non poden ser considerados como contratos menores” e sigo co control interno de intervención di:”cando si existe contrato se insiste en la tramitación de contratos menores evidenciando en muchos casos supuestos de fraccionamento ilícito en tanto que se pretende cubrir necesidades estructurales por exemplo reparaciones diversas en viales y jardines, suministro de material de obras, servicios de prevención e riesgo, servicio de mantenimiento informático, etc, y reduciendo la concurrencia”. Eu díxeno con outras palabras pero creo que se interpreta claramente o que di o departamento de intervención. Sr. Álex este Grupo non é responsable de que os provedores leven un ano e medio sen cobrar, solo faltaría, responsables son vostedes por non controlar o gasto, vostedes si que son responsables que están no goberno e fixeron ese gasto sen ningún tipo de tramitación como así o recolle intervención, pero non este grupo.

Sr. Guerra García: Sr. Núñez Troncoso traía aquí as facturas esas.

Sra. Alcaldesa: Eu dígoche o mesmo que di Tano, aquí non vale tirar a pedra e esconder a man, si hai fraccionamento de facturas, xa unha vez nos levaron fiscalía fágao de novo, teña a valentía de facelo de novo pero non veña aquí tire a pedra e esconda a man que iso é moito do seu estilo. O PP xa manifestou que o seu voto ía ser en contra, non nos esperabamos menos sempre votan en contra de pagar aos provedores por servizos e subministros prestados, facturas recoñecidas por cada concelleiro/concelleira e eu creo que o que realmente buscan é bloquear a acción do goberno, non o conseguiron, xa ven que non son capaces, que seguimos pagando, que queda liquidado o 2023 e pagaremos as facturas do 2024, non o van a conseguir con eses mensaxes catastrofistas que aplicaban en todo momento intentando atemorizar a veciñanza, nos damos resolto con xestión o pago de facturas e vostedes, aínda que haxa diñeiro, seguen votando en contra de pagarlle aos provedores simplemente por un intento de bloquear a acción do goberno que non van conseguir. Dou paso a lectura da proposta seguinte:

“Resultando preciso recoñecer obrigas pendentes de aplicar ao Orzamento cando está constatada a efectiva prestación dos servizos e subministros de bens e servizos por parte dos terceiros, e constan no expediente as facturas e documentos xustificativos acreditativos de cada un dos gastos debidamente conformadas polos responsables dos distintos órganos xestores do gasto.

Considerando que artigo 50.12 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais establece que corresponde ao Pleno acordar o recoñecemento extraxudicial de créditos como tamén así o establece o Tribunal de Contas en informe 1.415 cando se trate de obrigacións procedentes de gastos indebidos.

Visto o informe da Interventora municipal núm. 2024-0194 coa correspondente nota de reparo.

Considerando que o artigo 217.2 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (R.D. Legislativo. 2/2004, de 5 de marzo) atribúe ao Pleno da Entidade a resolución dos reparos formulados pola Intervención municipal cando se refiran a obrigas ou gastos cuxa aprobación sea da súa competencia.

En atención ao exposto, PROPOÑO ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte



ACORDO:

Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 3/2024 correspondente a exercicios anteriores que se relacionan no expediente núm. 1723/2024, facturas do correspondentes a gastos do exercicio 2023, ascendendo a un total de 806.551,37 euros, aos efectos de dar aos mesmos a oportuna aplicación con cargo ao Orzamento do exercicio 2024, nesta data prorrogado do ano 2022; previo levantamento do reparo formulado ao efecto pola Intervención municipal.

A aprobación das obrigas queda condicionada á aprobación definitiva das modificacións orzamentarias tramitadas nos expedientes 1530/2024 e 1531/2024, nas modalidades de suplemento de crédito e crédito extraordinario respectivamente.”

1º VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta esta da como resultado o EMPATE por SEIS VOTOS a favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4) e PSdeG-PSOE(2), SEIS VOTOS en contra dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal PP (6) e unha ABSTENCIÓN dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal BNG (1).

2º VOTACIÓN: Realizada unha segunda votación da proposta esta resulta aprobada por SEIS VOTOS a favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4) e PSdeG-PSOE(2), SEIS VOTOS en contra dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal PP (6) e unha ABSTENCIÓN dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal BNG (1), dirimindo o empate o voto a favor da Alcaldesa, adoptando o seguinte:

ACORDO:

Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 3/2024 correspondente a exercicios anteriores que se relacionan no expediente núm. 1723/2024, facturas do correspondentes a gastos do exercicio 2023, ascendendo a un total de 806.551,37 euros, aos efectos de dar aos mesmos a oportuna aplicación con cargo ao Orzamento do exercicio 2024, nesta data prorrogado do ano 2022; previo levantamento do reparo formulado ao efecto pola Intervención municipal.

A aprobación das obrigas queda condicionada á aprobación definitiva das modificacións orzamentarias tramitadas nos expedientes 1530/2024 e 1531/2024, nas modalidades de suplemento de crédito e crédito extraordinario respectivamente.

Expediente 1468/2024. Declaración de especial interese ou utilidade municipal de obras a realizar no CRA Raíña Aragonta	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 11, En contra: 0, Abstencións: 2, Ausentes: 0

Sra. Alcaldesa: A Comunidade de Montes en Man común de Entenza presentou vía rexistro unha solicitude de Comunicación previa de obras menores para diversas obras na escola entre elas a apertura de un oco interior para a instalación dun inodoro, un pequeno almacén, limpeza da fachada, diferentes obras das que solicitaban a bonificación do ICIO recollida na ordenanza municipal, para elo é necesario ese recoñecemento de interese municipal no pleno e se trae este punto para a súa aprobación, neste caso a mellora dunha aula adicada a



educación dos nosos menos e nenas é máis que suficiente para recoñecer o seu interese social polo tanto creo que debemos apoiar esta proposta de bonificación.

Sr. Núñez Troncoso: Nós como anteriores ocasión que se trouxo a pleno puntos similares a este que ao final o que redunde en beneficio dos veciños neste caso da parroquia de Entenza, nós estamos a favor a bonificación do ICIO é sobre aproximadamente mil euros, é unha pequena axuda pero todo suma, en beneficio de toda a veciñanza que usa esas instalación, nós como non podía ser de outra forma, o noso voto vai ser favorable.

Sra. Alcaldesa: Neste caso defende o punto Saúl porque Xurxo é membro da directiva, presidente da Comunidade de Montes.

Sr. Olmo Vaqueiro: De feito foi Xurxo quen realizou a petición coma presidente da Comunidade de Montes. Nós vamos a votar a favor porque sempre que se poida axudar a veciñanza máis aos menos xa que aquí hai unha aula infantil, vamos a votar a favor.

Sr. Guerra García: Penso que estamos nestes puntos en que todos estamos de acordo, favorecer os colectivos veciñais cando é cuestión de obras, quería aproveitar a ocasión para animar a xente de Entenza a que recupere o topónimo orixinal é legal da Parroquia.

Sr. Rodríguez Canosa: A cifra que supón a bonificación é de 959,21€, anunciar que tamén son membro da xunta directiva ao igual que Xurxo non vamos a participar na votación porque así o entendemos, e dicirlle a Tano que si quere darnos unha clase de toponimia o animo a que nos de a clase.

Sra. Alcaldesa: Dou paso a dar lectura a proposta seguinte:

“Visto o expediente instado por Jorge Gregorio Vaqueiro con DNI núm. 76907658M no nome e representación da Comunidade de montes vecinales en mano comun de Entienza- Salceda, con rexistro núm. 2024-E-RE-1564 de data 05/07/2024 de solicitude de:

EXPÓN

Que a Comunidade de Montes en Man Común de Entenza realizou unha Comunicación Previa de Obras Menores para diversas obras na Casa Escola de Entenza, entre as que se inclúe a limpeza e mantemento da fachada e da cuberta e a apertura dun oco interior e a instalación dun inodoro nun baño existente, senda estas actuacións para a mellora da aula de Entenza do CRA Raiña Aragonta. A solitude consta co número de rexistro de entrada 2024-E-RE1542

SOLICITA

A bonificación na cota do ICIO incluída na ordenanza municipal.

Vista providencia de Alcaldía polo que se inicia expediente de bonificación do 95 % Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras a favor de construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento de emprego que xustifiquen tal declaración.



Visto que a obra ten por obxecto, de acordo coa documentación achegada, a realización de:

A edificación, especialmente a súa cuberta, necesita mantemento, limpeza e reparación dalgúns elementos, xa que están a provocar patoloxías de humidade nalgunhas zonas do interior.

Limparanse e hidrofugarán as fachadas de pedra e pintarase a fachada principal e as varandas dos balcóns.

No interior, unha parte do edificio está ocupado por unha aula do CRA Raiña Aragonta.

Esta aula necesita un espazo de apoio que lles permita dividir as actividades dos nenos en dous espazos. Para isto, preténdese anexar ao CRA un espazo dedicado na actualidade a almacén, mediante a apertura dun oco nun muro de pedra interior do edificio.

Por último, nesta mesma aula do CRA, preténdese instalar un inodoro de adultos no baño que, actualmente, conta só con pezas aptas para os máis pequenos, polo que poden considerarse obras de clara utilidade pública por concorrer circunstancias de carácter cultural e social, pois se trata dunha obra que esta destinada, de modo prioritario ao fomento da educación, á integración social, formación, e ao desenvolvemento cultural dos habitantes do concello, e é concreción do dereito fundamental á educación tal como proclama o artigo 27.1 da Constitución Española.

Visto o previsto no artigo 5.1 da Ordenanza fiscal nº 24 reguladora do ICIO do Concello de Salceda de Caselas e no artigo 103.2.a) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Non obstante o disposto no informe de Tesourería núm. 2023-141 e no informe de Intervención núm 2024-0188.

De conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, propoño ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Que se declare de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais e culturais ás obras de limpeza e mantemento de fachada e cuberta, apertura de oco interior e instalación dun inodoro en baño existente a realizar en Barreiro número 6 Entenza, no edificio no que se atopa o CRA Raiña Aragonta, incluídas no expediente núm. 1468/2024 a solicitude de Jorge Gregorio Vaqueiro con DNI núm. 76907658M, no nome e representación da Comunidade de montes vecinales en mano común de Entienza-Salceda V36125953, mediante escrito recibido en data 05.07.2024 (RE 2024-E-RE-1564).

SEGUNDO. Recoñecer a bonificación do 95% do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, por entender debidamente xustificada a causa do beneficio, en virtude do disposto na Ordenanza fiscal de devandito imposto, amparada no artigo 103.2.a) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.



TERCEIRO. Notificar esta Resolución ao interesado, con indicación dos recursos que procedan.”

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta esta resulta aprobada por ONCE VOTOS a favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (3) e PSdeG-PSOE(1), PP (7) e BNG (1) Edúas ABSTENCIÓNS dos/as Concelleiros/as Sres. Rodríguez Canosa (MS) e Gregorio Vaqueiro (PSOE), adoptando o seguinte:

PRIMEIRO. Que se declare de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais e culturais ás obras de limpeza e mantemento de fachada e cuberta, apertura de oco interior e instalación dun inodoro en baño existente a realizar en Barreiro número 6 Entenza, no edificio no que se atopa o CRA Raíña Aragonta, incluídas no expediente núm. 1468/2024 a solicitude de Jorge Gregorio Vaqueiro con DNI núm. 76907658M, no nome e representación da Comunidade de montes vecinales en mano comun de Entienza-Salceda V36125953, mediante escrito recibido en data 05.07.2024 (RE 2024-E-RE-1564).

SEGUNDO. Recoñecer a bonificación do 95% do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, por entender debidamente xustificada a causa do beneficio, en virtude do disposto na Ordenanza fiscal de devandito imposto, amparada no artigo 103.2.a) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

TERCEIRO. Notificar esta Resolución ao interesado, con indicación dos recursos que procedan.

Expediente 1631/2024.Fixación de festivos locais para o ano 2025.	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Sr. Alcaldesa: Como vos expliquei na Comisión tralo o escrito recibido en xuño de este ano, 30 de xuño de 2024, onde nos pedían dende o Servizo de Emprego, Relacións Laborais, Traballo Autónomo e Economía Social da Consellería de Emprego establecer os nosos días festivos e remitir ese acordo plenario antes do 30 de setembro, a proposta que plantea esta Alcaldesa é de declarar festivos o Martes de Entroido e o Luns do Cristo coincidindo no 2025 o Martes de Entroido o 4 de marzo e o Luns do Cristo o 21 de xullo.

Sr.Rodríguez Davila: Como ven sendo habitual e tradicional loxicamente temos dous festivos locais que temos a competencia a Corporación de fixar para o noso municipio cara o vindeiro ano 2025 e loxicamente seguen sendo os mesmos, Martes de Entroido dado a tradición e o arraigo de todo o que significa o Entroido para o noso Concello e tamén o Luns do Cristo, ámbolos dous desexamos, como dixen fai un ano, que sexa todo un éxito en todos os sentidos, que esteamos todos presentes e que o disfrutemos a tope e que o tempo axude, polo tanto o noso Grupo vai votar a favor.

Sr. Gregorio Vaqueiro: Estamos a favor.

Sr. Guerra García: Outro punto no que estamos de acordo todos.

Sra. Alcaldesa: Dou lectura a proposta de acordo seguinte:



“Visto o disposto no artigo 37.2º do Estatuto dos Traballadores e nos artigos 45 e 46 do Real Decreto 2001/1983, do 28 de xullo, declarado vixente pola disposición derogatoria única do 1561/1995 do 21 de setembro, sobre xornadas especiais de traballo, de conformidade cos cales serán inhábiles para o traballo, retribuídas e non recuperables dúas festas locais, que serán determinadas polo/a xefe/a territorial da Consellería de Emprego e Igualdade en cada unha das delegacións territoriais da comunidade autónoma, por proposta do órgano municipal competente dos respectivos Concellos e publicaranse nos boletíns oficiais de cada provincia e no Diario Oficial de Galicia.

Visto o requirimento efectuado polo Servizo de Emprego, Relacións Laborais, Traballo Autónomo e Economía Social da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, recibido en data 30.07.2024 (Rex. núm. 2024-E-RC-3787) para que se proceda á realizar a proposta de festas locais do Concello para o ano 2025 e se remita antes do 30 de setembro.

Tendo en conta as datas tradicionais das festas locais e, en uso das atribucións que me confire o artigo 21.1 a), e c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL en adiante), artigos 80 e 82 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais; e de acordo co artigo 46 do real Decreto 2001/1983, de 28 de xullo, que determina que será o Pleno o órgano competente, propoño ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO:

1.- *Propoñer a fixación das seguintes festas locais do Concello de Salceda de Caselas (Pontevedra) para o ano 2025:*

*-4 de marzo de 2025 (Martes de entroido)
-21 de xullo de 2025 (Luns do Cristo)*

2.- *Comunicar a proposta ao Servizo de Emprego, Relacións Laborais, Traballo Autónomo e Economía Social (Departamento Territorial de Pontevedra, sede Vigo).”*

VOTACIÓN: *Sometida a votación a proposta esta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos TRECE membros presentes neste sesión, adoptando o seguinte*

ACORDO:

1.- *Propoñer a fixación das seguintes festas locais do Concello de Salceda de Caselas (Pontevedra) para o ano 2025:*

*-4 de marzo de 2025 (Martes de entroido)
-21 de xullo de 2025 (Luns do Cristo)*

2.- *Comunicar a proposta ao Servizo de Emprego, Relacións Laborais, Traballo Autónomo e Economía Social (Departamento Territorial de Pontevedra, sede Vigo).*



Expediente 1575/2024. Ratificación da Resolución núm. 2024-1013 de aprobación do convenio de colaboración para prestación do servizo de atención temperá.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Sra. González Luis: Neste punto vamos a presentar o convenio de colaboración que fixemos entre os Concellos de Salceda de Caselas e o Concello de As Neves para que se nos permita facer a xestión compartida do SAT, servizo de atención temperá. Este servizo arrancou no noso Concello no 2019 e atendendo máis ou menos a 26 casos, a día de hoxe seguimos a apostar de maneira firme por el e consideramos que é un servizo prioritario dentro dos servizos sociais municipais. Este servizo traballa directamente con menores en idade comprendidas entre os 0 e os 6 anos con trastornos no desenvolvemento ou en risco de padecelos e tamén coas súas familias, un servizo formado por un equipo de traballo multidisciplinar e que está formado por unha psicóloga educativa, unha logopeda e unha fisioterapeuta. Na maioría dos casos danse sesións individuais aínda que tamén as profesionais creen que é positivo facer algunha de esas sesións de carácter grupal e sempre que sexa posible vinculadas ao xogo, xa que non hai mellor maneira de aprender e de estimular aos nosos cativos e cativas que xogando. É fundamental este servizo en todos os Concellos pero eu creo no noso de especial maneira, dado os datos que temos de poboación infantil, a poboación diana neste censo, é dicir, aqueles rapaces que teñen entre cero e seis anos son 541, o 12% están sendo atendidos por este servizo, no que vai de ano lévase atendido a 75 casos e actualmente estase traballando con 65 nenos e nenas. Estou completamente convencida da gran utilidade que non só ten en presentes senón que terá a futuro no seu desenvolvemento todas estas intervencións para eles para a súa autonomía, para o seu desenvolvemento e para as súas familias.

Dado que o noso Concello ten unha poboación inferior a 10.000 habitantes requírese a agrupación con outro Concello para poder optar a subvención de entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para o servizo do SAT entre os anos 2024 e 2026 que están cofinanciados pola Unión Europea. Este convenio establece, entre outras cousas que o Concello de Salceda será o encargado de realizar todos os trámites administrativos precisos para esta actuación compartida, que estará en vigor ata o 31 de outubro de 2026, que o Concello de Salceda fará unha aportación do 60% do financiamento e o 40% será realizado polo Concello das Neves, penso que é importante recalcar que ata o momento este servizo foi subvencionado na súa totalidade non soamente o servizo senón tamén os materiais e os técnicos, dende logo queremos seguir traballando para diagnosticar e valorar os trastornos do desenvolvemento da nosa infancia, seguir traballando para que mellore o seu desenvolvemento da nosa infancia, seguiremos traballando para que mellore o seu desenvolvemento psicomotor, cognitivo, da linguaxe, da comunicación; seguiremos traballando para que estes rapaces e rapazas teñan un futuro máis autónomo, para que a súa área social e afectiva estea estimulada e para acompañar, informar e formar as súas familias no duro proceso de educar.

Sra. Rocha Núñez: Por parte deste Grupo PP vamos a votar a favor do convenio de colaboración sobre todo polas necesidades dos nosos cativos e cativas de cero a seis anos, evidentemente hai bastantes no noso Concello e non nos vamos a negar a recordar que é un fondo social Europeo que cofinancia a subvención ao cen por cen e que temos que apoialos.

Sr. Olmo Vaqueiro: Estou de acordo co que dixo Selene, que é un servizo fundamental e dado



que foi posto en marcha por unha Concelleira socialista, Gela, un traballo do que estamos enormemente orgullosos e sería moi pouco coherente votar en contra.

Sr. Guerra García: É unha satisfacción ver que os Concello son capaces de pórse de acordo para mancomunar servizos e no seu momento o Concello de As Neves e o Concello de Salceda deron un paso importante neste servizo, en todo caso, lamento que os Concellos teñan que tomar iniciativas que lle correspondería desenvolver plenamente a administración competente en materia de servizos sociais, que é a Xunta de Galicia e botando balóns fora ao único que se dedica é a dar a subvención pero mentres tanto toda a xestión de este tipo de servizos recaen nos Concellos, lamentables.

Sr. González Luis: Completamente de acordo coas palabras de Salustiano, para min debería formar parte da área de saúde, ao final estamos falando do desenvolvemento motor, saúde dos rapaces, creo que isto debería ser algo que fose público e que non estivese suxeito a subvencións, efectivamente tamén para o Partido Socialista que este servizo o botou a andar da vosa compañeira, Gela, a través dunha subvención que pediron os concelleiros anteriormente, sexa como sexa, é un servizo necesario, fundamental e dende aquí tamén agradecer a fantástica labor das profesionais que estamos tamén contentos de que perdure no tempo, creen ese vínculo cos nosos menos e nenas e felicitar a asociación ACEESCA que é a encargada de executar o programa, a súa gran labor cos nosos rapaces, e tamén a través de ACEESCA LUME con todos aqueles usuarios traballadores que fan o servizo de xardinería.

Sra. Alcaldesa: Estes son dos proxectos que fan grande a política na miña opinión, no seu momento cando arrancam os fomos quen de convenir coas Neves, naquel momento gobernador polo BNG, Xosé Méndez, que se mostraron sumamente receptivos a levar a diante este proxecto e agora mesmo gobernado polo PP, José Manuel, acabamos de asinar un novo convenio, é aí onde teñen que estar os Concellos independentemente da cor política ver os beneficios para a veciñanza, agradecer ao Concello de As Neves, traballamos en man a man e facémolo en outros Eidos con moi bos resultados e agradecer sobre todo o profesional que desempeña a súa labor no Servizo de Atención Temperá que é magnífico, atenden a un montón de nenos e nenas que son o noso futuro e dos que queremos coidar.

VOTACIÓN: Sometida a votación a RATIFICACIÓN DECRETO NÚMERO. 2024-1013 do 07/08/2024, de aprobación do Convenio de colaboración entre o Concello de Salceda de Caselas e o Concello de As Neves, para a xestión compartida do servizo de atención temperá, esta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos TRECE membros presentes neste sesión.

Moción do grupo PSdeG-PSOE sobre senda fluvial do río Caselas.	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Sr. Gregorio Vaqueiro: Dou lectura a moción seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Que no curso baixo do río Caselas, preto da súa desembocadura no río Miño, existe unha senda peatonal municipal que conecta coa que percorre la marxe dereita do Miño ata o



parque de A Canuda, en Salvaterra de Miño.

No ano 2022, a Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A. redactou o proxecto de ACTUACIONES DE MEJORA DE LA ACCESIBILIDAD Y RECUPERACIÓN AMBIENTAL DEL RIO CASELAS EN EL TÉRMINO MUNICIPAL DE TUI (PONTEVEDRA) PDM MIÑO-SIL ESO10_3CHCHOSCET29SP2510 CLAVE: M1.444-266/2111, o cal ten por obxecto a prolongación de dita senda ao longo do río Caselas, no tramo que discorre polo concello de Tui.

Augas arriba deste, xa no término municipal de Salceda de Caselas, existe unha senda de características semellantes á antes citada, distando aproximadamente 650 metros entre o seu final augas abaixo e o punto máis ao norte do deseñado no proxecto anterior.

O concello de Salceda de Caselas, e na súa representación a anterior alcaldesa Verónica Tourón e o concelleiro de Medio Ambiente Rubén González Coto e a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, O.A. consideraron esencial para facilitar á veciñanza o uso da rede de sendas citada seo acceso ao patrimonio natural e etnográfico asociado ao río Caselas, levar a cabo a conexión entre a senda existente en dito municipio e a proxectada no de Tui, construíndo para elo o tramo de senda que media entre ambas.

Por esta razón visitaron ao presidente da CHMS José Antonio Quiroga para facerlle chegar esta demanda no mes de marzo do paso 2023

Diante desta situación, o Pleno do Concello de Salceda de Caselas, ACORDA:

1. Solicitar á alcaldesa María Dolores Castiñeira Alén e ao concelleiro de medio ambiente Marcos Troncoso Estévez que se dirixan a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil e realicen o seguimento do cumprimento do protocolo asinado para que sexa desenvolto e executado na súa totalidade.
2. Instar a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil para que teña a ben desenvolver dito protocolo asinado co noso concello, iniciando os traballos de planificación das obras para a prolongación da senda ea súa posterior execución.”

Sr. Gregorio Vaqueiro: Basicamente a zona que une Salceda que é ata o muiño do Picado-muiño do Bernardez, falta un anaco sen acabar, simplemente sería solicitarlle á Confederación Hidrográfica que rematase e unise co que sube de Caldelas. Tamén é certo que polo que estivemos vendo, si ben creo que en Salceda nunca o fixo, sei que noutros Concellos a Confederación Hidrográfica financiou proxectos de saneamento, tras falalo os membros do Grupo Socialista e consensualo tamén co compañeiro do Grupo Mixto, presentamos a moción pero tamén ao mesmo tempo, poríalle a coletilla de si eses fondos os deciden investir en saneamento, consideramos que para a parroquia de Entenza é máis prioritario o saneamento que acabar a senda, aínda que acabar a senda tamén estaría ben, entonces, si mo permitides a isto lle engadiría “Que eses fondo se utilicen para saneamento.”

Sr. Troncoso Estévez: Recollemos esta moción do PSOE e obviamente votaremos a favor e máis con esta coletilla que acaba de engadir o compañeiro Xurxo. Houbo novidades dende a reunión que mantivestes o Grupo Socialista, anterior Alcaldesa e anterior Concelleiro de Medio Ambiente coa Confederación Hidrográfica o 29 de marzo no que se asignou ese protocolo, nós



mantivemos posteriormente tres reunións coa Confederación, unha delas en decembro que foi o punto de partida para saber como estaban todos os temas e para achegar unhas necesidades que considerábase prioritarias dentro das necesidades do Concello. Nesta reunión o que lle trasladamos foi a necesidade do saneamento en Entenza e Soutelo, lles falamos de como estaban as sendas fluviais de Soutelo e do Río Landres e o estado da ponte do Picado, que naquel momento vimos que había este problema na base da ponte que agora parece que o vamos a solucionar en breve, permisos que temos pendentes da Confederación e outros dos puntos que se mencionaron foi o estado do proxecto da senda do Río Caselas, este treito, e dende a Confederación o que se nos trasladou é que non hai aínda unha convenio firmado, que hai un protocolo de actuación que ven sendo unha declaración de intencións, e o que nos propuxo é que son moitas as necesidades que temos en Salceda e que priorizásemos as actuación que queremos facer. Nós obviamente, a prioridade básica desta lexislatura vai ser o saneamento de Entenza e Soutelo, pero ben é certo que reiteramos a necesidade e creemos tamén que é un proxecto interesante o de continuar con esa liña de creación de sendas fluviais, é importante para que a xente, a veciñanza poida coñecer o entorno natural, o patrimonio etnográfico pero si temos que escoller cales son os proxectos prioritarios o temos moi claro, o saneamento para esas dúas parroquias. Seguiremos loitando por facer realidade este proxecto ben sexa a través da Confederación ou coa colaboración doutras administracións pero si que estamos interesados neste proxecto pero neste caso a prioridade é o saneamento.

Sr. Rodríguez Davila: O noso Grupo e dado o que se acaba de comentar tanto polo proponente, PSOE, e pola intervención do Concelleiro de área, subscribimos o que se dixo, o que se propón e polo tanto vamos a votar a favor emendándolle esa proposta que fixo Xurxo, poñerlle ese terceiro punto respecto do saneamento, nada máis que dicir, simplemente validar e apoiar o que se propón nesta moción.

Sr. Guerra García: Como o Sr. Xurxo dixo na súa exposición nós apoiariamos sempre cando e se reconducise ese protocolo para dar prioridade, porque para os veciños de Entenza a prioridade non é unha senda, a senda pode ser prioridade para os veciños de outros lugares pero para os de Entenza indubidablemente é o saneamento.

Sra. Alcaldesa: Ademais dos dous puntos debemos engadir un punto tres que quedaría “Instar a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil a financiar o saneamento de Entenza-Soutelo como proxecto prioritario.

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta esta resulta aprobada por **UNANIMIDADE** dos **TRECE** membros presentes neste sesión, adoptando o seguinte

ACORDO:

- 1.- Solicitar á alcaldesa María Dolores Castiñeira Alén e ao concelleiro de medio ambiente Marcos Troncoso Estévez que se dirixan a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil e realicen o seguimento do cumprimento do protocolo asinado para que sexa desenvolto e executado na súa totalidade.
- 2.- Instar a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil para que teña a ben desenvolver dito protocolo asinado co noso concello, iniciando os traballos de planificación das obras para a prolongación da senda ea súa posterior execución.



3.- Instar a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil a financiar o saneamento de Entenza-Soutelo como proxecto prioritario.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Dación de conta de decretos dende o núm. 2024-0815 de 24 de xuño ata o núm. 2024-1047 de 23 de agosto.

O Pleno queda enterado dos decretos núm. 2024-0815 de 24 de xuño ata o núm. 2024-1047 de 23 de agosto.

Expediente 1764/2024. Dación de conta dos informes de Tesourería correspondentes ao 2º trimestre 2024:

O Pleno queda enterado dos informes de Tesourería correspondentes ao 2º trimestre 2024: período medio de pago e morosidade.

Expediente 912/2024. Dación de conta do Informe de Intervención núm. 2024-0081 sobre resultados do control interno no exercicio 2023.

O Pleno queda enterado dos informes de Intervención núm. 2024-0081 sobre resultados do control interno no exercicio 2023.

C) ROGOS E PREGUNTAS

ROGOS:

Sr. Núñez Troncoso: Que se proceda, aínda que esteamos ao final do verán, á limpeza e lavado dos contedores sobre todo os que están en zonas de hostaleira.

Sr. Núñez Troncoso: En relación co camiño existente nos “Sete Camiños” en Soutelo que vai a saír a Guillarei e remata no linde do Concello de Tui e xa que existe o camiño e o risco que aí naquela zona que ardeu fai sete anos, aproveitando o camiño que se anhee e se limpe para que poidan entrar os medios contra incendios.

Sra. Alcaldesa: Recóllense os rogos.



Sr. Fernández Pérez: Presentada no rexistro a limpeza de contedores do lixo no barrio de Fontán polos malos cheiros que estes desprenden e das queixas recibidas nestes días polos veciños e hostaleiros.

Sr. Fernández Pérez: Na rotonda que sube cara ao cemiterio de Parderrubias, a escasos 10 metros hai un poste de formigón do encendido eléctrico que arrancou cando se asfaltou a estrada que vai cara ao antigo galiñeiro de Servando, se roga a súa retirada do monte xa que este dificulta as labores de limpeza dos montes de Parderrubias.

Sra. Alcaldesa: Quedan recollidos os rogos.

Sra. Pérez Cabaleiro: Debido a situación das pistas de pádel recentemente cambiadas e no momento que volvemos a unha situación de deterioro rogamos que haxa un control as pistas de pádel e carteis de aviso no que se prohiban os deportes diferentes ao pádel nas mesmas.

Sra. Alcaldesa: Queda recollido o rogo.

Sr. Lorenzo Rodríguez: En Picoña na reparacións do muros de Loureiro, continuar a valla de seguridade que se puxo nova encima do muro e prolongala ata unila coa outra vaia existente xa na curva.

Sra. Alcaldesa: Ese proxecto foi realizado por servizos técnicos e enxeñeiros e entendían que a vaia era necesaria solo nese treito, consultareillo ao servizo técnico.

Sr. Gregorio Vaqueiro: Queixase moita xente de que non se enteira de como chamar ao servizo de vaciado de fosas, rogamos que se publicite máis dende o Concello.

Sra. Alcaldesa: É unha competencia do Consorcio pero haberá que facilitarlle os contactos.

Sr. Gregorio Vaqueiro: No barrio de Ascensión-Entenza hai un local de hostelería hai queixas de que hai insuficientes contedores.

Sra. Alcaldesa: Tamén mo trasladaron a min, dende a existencia de ese local os contenedores non son suficientes.

PREGUNTAS:

Sr. Lorenzo Rodríguez: De cara ás choivas de outono, nas Curuxeiras na estrada da Laxe, a limpeza e acondicionamento da cuneta existente xa que abaixo está completamente cheo de terra e nas choivas fortes a estrada quedou de pedras.

Sr. Rodríguez Davila: Dado o inicio da actividade deportiva, das competicións da situación do procedemento da licitación da renovación da pista do pavillón municipal, me consta que hai unha resolución da Xunta de Goberno de xuño de este ano que se lle autoriza ao Concello a facer a obra, quería saber como está internamente ese procedemento?

Sr. Troncoso Estévez: Xa está a licitación cerrada, hai unha empresa que levou a concesión que son Medulio Servicios y Obras, SL que é o Grupo Mundo, mantivemos unha reunión o mércores



para ver, como agora esta a actividade parada por agosto en setembro comeza abrir a fábrica do material do parque e o próximo mércores nos dirán o prazo exacto das obras, estiman que sobre a semana do 9 de setembro empezaran as obras e durarán entorno a dúas-tres semanas, contamos con setembro inhábil para o uso do pavillón para as competicións e para outubro contamos con establecer a normalidade dentro do pavillón, xa falamos con todos os colectivos deportivos que fan uso das instalacións, lles buscamos alternativas para que sigan a súa actividade, adestramentos e competición, competición aínda hai moi poucas pero xa falamos con Concello de Salvaterra que nos poñen a súa disposición os dous pavillóns que teñen en caso de ter dispoñibilidade poder facer uso deles.

Sr. Rodríguez Davila: Insistir que lea a intervención miña onde se aprobou ese proxecto para que se cumpra o que alí dixeran.

Sr. Pérez Cabaleiro: Na zona do barrio Pegullal hai tempo que non se limpa e se roza aquela zona e cando pasan dous coches todas as herbas chocan contra os vehículos e os rascan e cando pasa un so ten que invadir o carril contrario.

Sra. Alcaldesa: Xa se fixo unha primeira quenda de pasada de desbroces, o certo é que crecen moi rápido sería en maio a primeira e xa lle tocaría a segunda.

Sr. Troncoso Estévez: A zona de Pegullal é unha zona onde se fai máis pasadas que o resto dos barrios porque coincide coa novena de San Benito, se intenta pasar aos camiños que levan directos a Pegullal, é unha zona que intentamos por eses eventos puntuais, telo máis limpa pero é certo que agora cando chegan estas datas todo crece e evidentemente a veces non chegamos como deberíamos chegar, pero intentamos facer dúas pasadas por todas as parroquias e algunha puntual cando se precise porque a cousa se vai un pouquiño de desmadre.

Sr. Fernández Pérez: Esta pregunta está relacionada con distintos rogos que presentei neste pleno, o primeiro: O tifón ao lado da marquesiña de Fontán a día de hoxe está sen arranxar, o segundo: As sinais verticais ao igual que o pintado nos vías no Alto da Brava e o último relacionado co Ponte da Lagüela, pregunto, pódenos informar da situación na que se atopan ditas peticións?

Sra. Alcaldesa: En canto ao tifón ao lado da marquesiña, xa llo expliquei a un familiar teu esta semana, lle dixeran que iso está atascado de arena, é unha obra importante porque hai que atravesar a estrada para desatascar e que cando se puidese se realizaría esa obra. En canto as sinais verticais poranse, xa teñen notificación vías e obras e a Policía Local cando eles consideren.

Sr. Rodríguez Canosa: Lembrar que o Alto da Brava esa estrada é competencia da Xunta de Galicia.

Sr. Gregorio Vaqueiro: En Entenza polo incendio de hai uns días hai un nervosismo polas fincas que están sen desbrozar, que criterio uso o Goberno sobre os propietarios?

Sra. Alcaldesa: Faise a solicitude, visitase pola policía local ao sitio para comprobar que está sen desbrozar e a partir de aí notificase, todo isto hai un período de tempo entre cada unha das accións, notificáselle, dásele un prazo suficiente de tempo e volve a policía a comprobar si



está desbrozada, vólvese a dar outro período de tempo. Dende logo non é o máis operativo o sistema que está montado para limpeza de fincas, en todo caso, tramitamos un montón esta semana, que se lle está dando prioridade e que estamos ao día nas notificación e despois se comproba si efectivamente si a limpeza está feita ou non e despois se inicia o proceso de sanción, todo isto pode pasar dous meses, de aí a miña queixa sempre da eficacia tanto da administración como dos recursos que existen para atallar este problema que deberían ser de outro xeito evidentemente tal como están os noso montes e os nosos terreos.

Sr. Gregorio Vaqueiro: Si o orzamento o permite, a cartelería de algunha parte da senda está bastante deteriorada.

Sra. Alcaldesa: É algo que nos preocupa pola nosa defensa das nosas sendas.

Sra. González Luis: Sempre entramos na dicotomía que é o necesario, que é o urxente, que é o prioritario, é certo que esa cartelería, esa senda, esas Pontes, as varandas, as papeleiras teñen que estar coidadas pero no día a día xorden outras prioridades, en ensino, en desbroces, etc... que dificultan esas reparación, foi uns dos proxectos que se se presentaron para a subvención do Obradoiro do próximo ano, se nos concede una súa totalidade entre outros pequenos proxectos que se van a facer nas diferentes parroquias de recuperación do patrimonio, é un deles é na parte do Obradoiro de carpintería, a recuperación de aquelas zonas das sendas que están máis deterioradas entre elas a cartelería.

Sr. Guerra García: Hai aproximadamente un ano a Sra. Alcaldesa saíu nos medios de comunicación falando da modificación do tránsito da rúa Rafael Tilve Adrio no cruce coa rúa Ador, pensan solucionar ese tema para dar continuidade ao tránsito para adiante ou vai tardar 40 meses como o espello de Formiga?

Sra. Alcaldesa: Vaise solucionar e ese é o noso compromiso coa veciñanza.

Sr. Guerra García: No 18 xullo pasado dentro das programación das Festas municipais actuou grupo RUSADIR procedente de Alacante, gustaríanos saber como foi contratada e divulgada esa actuación? Porque acabamos sendo testemuñas de unha penosa imaxe de ducias de cadeiras baleiras e un grupo actuando alí para case ningún.

Sr. Rodríguez Canosa: Esa actuación fíxose mediante un intercambio co grupo Local Eiriños do Caselas que foran alí anteriormente a cambio de que viñera o outro grupo aquí.

Sr. Guerra García: Que divulgación se fixo do acto? É difícil de crer que se fixera algún tipo de divulgación cando practicamente o auditorio eran cadeiras baleiras.

Sr. Guerra García: Se está obrigando ás entidades sociais a incluír na súa cartelería o novo logo desa ocorrencia de cor de rosa, incluso na cartelería, se di por aí, de actividade que non teñen relación ningunha coas subvencións municipais de cara a incluílas para subilas a esa plataforma informativa.

Sra. Alcaldesa: Precisamente para darlle difusión na plataforma tal e como acordamos cos colectivos sociais, entre outras cuestión, efectivamente hai que pórllle o logotipo.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

